

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 7 DE XULLO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETO

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se lle concede a Medalla de Ouro de Galicia a Súa Alteza Real Dona Leonor de Borbón y Ortiz.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello da Veiga para a modernización do edificio denominado O Toural, por importe total de douscentos noventa e nove mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos (299.999,99 €).
- Acordo sobre o complemento de produtividade para o persoal da Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Plan galego de cartografía e información xeográfica 2026-2029.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxes superiores ás recollidas na normativa de subvencións de Galicia, e para eximir da obriga de constituír garantías na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025. Importe total: cinco millóns vinte e tres mil setecentos vinte e nove euros (5.023.729 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a superar o límite e a eximir da constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas á implantación de medidas para o avance no cumprimento de criterios ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) nas empresas galegas para o ano 2025, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, por un importe total dun millón de euros (1.000.000 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra de construción dun novo instituto de educación secundaria e bacharelato en Navia (concello de Vigo), susceptible de cofinanciamento nun 60 % pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cun orzamento de licitación de dezaioito millóns setecentos sesenta e oito mil novecentos vinte e tres euros con setenta e un céntimos (18.768.923,71 €), IVE incluído, e un valor estimado de quince millóns cincocentos once mil cincocentos sete euros con vinte céntimos (15.511.507,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Trazo, para a execución das obras de humanización do núcleo de Merelle, por un importe de trescentos vinte e nove mil cincocentos cinco euros con trinta e tres céntimos (329.505,33 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Silleda para o financiamento do proxecto de mellora da mobilidade peonil na avenida do Parque por un importe de setecentos corenta e sete mil cento vinte e dous euros con noventa e oito céntimos (747.122,98 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción dun edificio de 24 vivendas de promoción pública (VPP), na parcela UA-N7, sita na rúa Ángelo Collocchi no concello de Lugo, por un importe de licitación de cento noventa e seis mil trescentos corenta e un euros con setenta céntimos (196.341,70 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), a Universidade de Alcalá (UAH) e a Consellería de Sanidade da Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización dun curso de incapacidade temporal para médicos asistenciais na modalidade en liña, por importe de cento sesenta e cinco mil catrocentos noventa e sete euros con trinta e catro céntimos (165.497,34).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cunha única empresa, da subministración sucesiva e por prezo unitario de próteses valvulares cardíacas percutáneas con destino as áreas sanitarias da Coruña e Cee, Santiago de Compostela e Barbanza e a Área Sanitaria de Vigo do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de trinta e cinco millóns seiscientos vinte e tres mil cincocentos vinte e dous euros (35.623.522 €), IVE incluído, e un valor estimado de setenta e un millóns douscentos corenta e sete mil corenta e catro euros (71.247.044 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco cun único adxudicatario por lote, da subministración sucesiva de dispositivos de tratamento percutáneo para insuficiencia mitral e tricúspide con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, tramitado co número de expediente MA-ASV1-25-018, para un período de dous anos de contrato máis dous anos de prórroga e cun valor estimado de nove millóns cincocentos catro mil euros (9.504.000 €) e un orzamento total de licitación de catro millóns setecentos cincuenta e dous mil euros (4.752.000 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de enfermidades raras.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva da orde de convocatoria de once bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) para os anos 2025, 2026 e 2027, por un importe total de douscentos noventa e tres mil cento setenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (293.174,64 €), así como a modificación da porcentaxe sinalada no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universitat Autònoma de Barcelona (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Uniwersytet Warszawski (Varsovia-Polonia) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universität Leipzig (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e cultura galegas, por un importe total de noventa e sete mil douscentos vinte e cinco euros (97.225 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se determina o importe global dos contratos reservados a centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción para o ano 2025, e se dá conta do seguimento da reserva destes contratos na anualidade de 2024.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrência non competitiva para o financiamento de accións formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C para persoas traballadoras desempregadas, para os exercicios 2025-2026, por un importe total de cincuenta millóns de euros (50.000.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento para o exercicio de 2025, por un importe total de cincocentos corenta mil euros (540.000 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón do Programa de dinamización e incentivo do consumo de peixe e marisco frescos a través dos bonos Peixe en peixarías.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da memoria anual do ano 2024 do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre o Plan Ben_estar na escola 2025. Plan de obras de mellora do benestar e da accesibilidade en centros educativos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe de avaliación de resultados e impacto do programa para o emprendemento feminino en Galicia-Emega (2012-2024).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre os incrementos retributivos do persoal ao servizo do sector público autonómico dispostos no acordo marco para o período 2022-2024.
- Informe sobre os principais avances na modernización tecnolóxica. Amtega 2024.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a licitación da obra para a execución dun aparcadoiro disuasorio e dunha futura área de servizo e aparcamento seguro para camións na autoestrada autonómica AG-53, cun investimento de tres millóns seiscientos tres mil cento tres euros con corenta e tres céntimos (3.603.103,43 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a integración e o desenvolvemento dos sistemas de información para a detección de enfermidades raras pediátricas.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o incremento de crédito dos programas Investigo e 1ª Experiencia profesional-mocidade.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o cambio na data para a realización dos procesos selectivos derivados da OPE de 2023 das categorías 100 (xefe/a de brigada) do grupo III do persoal laboral da Xunta de Galicia e 14 (bombeiro/a forestal) e 14A (bombeiro/a forestal condutor/a) do grupo IV.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ENTREGARÁ A VINDEIRA SEMANA A MEDALLA DE OURO DE GALICIA Á PRINCESA DE ASTURIAS

- Trátase da máxima distinción que ofrece a comunidade autónoma e que recibirá nun acto en Santiago o 14 de xullo
- O Executivo autonómico recoñece o seu vínculo a Galicia, logo dun ano de formación militar na Escola Naval de Marín, e traslada "o cariño" do pobo galego á Princesa Leonor e a Coroa
- O resto de Medallas de Galicia serán aprobadas e anunciadas nos vindeiros días e se entregarán nun acto o 24 de xullo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello aprobou hoxe conceder a Medalla de Ouro de Galicia -a máxima distinción que se outorga na comunidade- á Súa Alteza Real a Princesa de Asturias, dona Leonor de Borbón y Ortiz, "que a vindeira semana concluirá a súa formación na Escola Naval Militar de Marín".

Con este galardón, o Executivo autonómico quere recoñecer "a presenza" de Leonor en Galicia así como "a pegada e a relación que a casa real mantén coa comunidade" e transmitir "o cariño sincero que a maioría dos galegos ten tanto á Princesa Leonor como a Coroa".

A Princesa de Asturias recibirá a Medalla de Galicia nun acto que se celebrará en Santiago o vindeiro 14 de xullo, "dous días antes da entrega de despachos" na Escola Naval de Marín e no que está previsto a asistencia "dos Reis de España".

O resto de Medallas de Galicia anunciaranse e aprobaranse nas vindeiras datas e serán entregadas, como é habitual, nun acto o vindeiro 24 de xullo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POLO TURISMO RURAL CON MELLORAS NO AUDITORIO DO CONCELLO DA VEIGA QUE INCREMENTAN A SÚA FUNCIONALIDADE PARA ATRAER EVENTOS SINGULARES

A actuación rehabilitará as instalacións desta edificación, destinada a usos culturais, e potenciará o seu uso escénico, musical e como sala de conferencias

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello da Veiga que permitirá a rehabilitación do edificio O Toural, situado neste municipio. Trátase dunha actuación no actual auditorio que potenciará o seu uso como espazo escénico, musical e sala de conferencias.

Mediante esta colaboración, Turismo de Galicia asumirá parte do financiamento do custo total das obras. A edificación, de carácter municipal, está situada na mesma parroquia da Veiga e integra dúas plantas con accesos independentes, unha a nivel de rúa e outra semisoterrada. As obras suporán unha mellora da habitabilidade, a eficiencia enerxética, a accesibilidade e a funcionalidade do inmovible.

Entre as distintas actuacións que recolle o convenio está a rehabilitación dos falsos teitos e dos pavimentos, actualmente en estado de seria deterioración, para mellorar a seguridade e a funcionalidade dos espazos. Ademais, incorporárase un sistema de illamento na fachada, substituíranse as carpintarías existentes e instalaranse vidros adecuados para o illamento térmico e acústico, co que se contribuirá á mellora en termos de eficiencia enerxética. Isto completárase coa instalación de sistemas de climatización, dos que carece. O proxecto inclúe tamén a renovación das instalacións de iluminación e son, a incorporación dunha cociña e de tres aseos, un deles adaptado.

En total, o orzamento estimado para o proxecto está cifrado en 299.999,99 €, dos que Turismo de Galicia subvencionará máis do 80 %.

A actuación enmárcase dentro da Estratexia de turismo de Galicia 2030, que aposta por un turismo auténtico e sostible en que se aproveite o potencial do turismo rural. Para isto, desde a Axencia estanse a desenvolver distintas liñas de traballo a través das que mellorar as infraestruturas e xerar novas experiencias, sempre desde o respecto á cultura e á poboación local. Ademais, o Concello da Veiga, situado na zona de Trevinca, está a ser potenciado como destino turístico Starlight polas óptimas condicións para a contemplación dos ceos estrelados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINARÁ CASE 2,3 M€ ANUAIS AO COMPLEMENTO RETRIBUTIVO DE PRODUTIVIDADE DA UNIDADE DA POLICÍA NACIONAL ADSCRITA DE GALICIA

- O Consello da Xunta acordou hoxe as contías deste complemento actualizadas, tendo en conta o incremento das competencias e a especialización en distintos ámbitos
- O cadro de persoal da UPA atópase por debaixo do 70 % con 343 axentes, dos 500 que lles correspondería á Comunidade e que a Xunta reclama de maneira reiterada ao Ministerio do Interior

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo sobre o complemento de produtividade para o persoal da Unidade da Policía Nacional Adscrita de Galicia (UPA), a través do cal se recollen mecanismos para dotar a unidade da maior operatividade posible, o que suporá un investimento de case 2,3 millóns de euros anuais, un 25 % máis que co acordo vixente. Deste xeito, reestrutúrase a produtividade variable para adaptala á realidade actual da unidade, tendo en conta que foi asumindo cada vez máis competencias e especializacións nos diferentes ámbitos de traballo.

Cómpre lembrar ademais que o número de efectivos actual é de 343 axentes, estando ao 70 % da súa capacidade respecto aos 500 previstos no seu catálogo de persoal e cunha redución continua desde o ano 2013 debido a que o Ministerio do Interior non cobre as vacantes.

Neste novo acordo establécense dous tipos de produtividade -xeral e especial- en función da pertenza á unidade, da especificidade dos postos de traballo, das circunstancias temporais e das necesidades do servizo.

A produtividade xeral vai destinada a todos os efectivos da unidade cunha cantidade mensual con importe diferente en cada categoría, mentres que a de carácter especial destinarase a compensar tanto o especial rendemento do persoal dalgunhas especialidades así como a incentivar a dispoñibilidade plena para as necesidades que poidan xurdir a nivel operativo.

Pola súa vez, na produtividade especial distínguese entre a de especial dedicación e a de disposición ao servizo. A primeira delas incentiva os axentes da UPA para que desempeñen as súas funcións en áreas de actividade concretas que requiran de competencias específicas, como é o caso, entre outros, do Equipo de Resposta Policial (Erpol) ou do grupo Vioxén. Aos efectivos que non reciban este complemento e que teñan dispoñibilidade plena para as necesidades que poidan xurdir a nivel operativo e con ocasión do desempeño das encargas propias da dinámica de traballo corresponderíanlles os incentivos da produtividade á disposición ao servizo. A dispoñibilidade plasmarase na participación de nove servizos anuais por parte do persoal policial do que se trate, en incidencias periódicas de fins de semana e festivos, así como na execución das actuacións ou dos operativos que sexan necesarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra parte, ademais da produtividade xeral e especial, o acordo recolle outros supostos. Así, regúlanse os servizos extraordinarios como incentivo que retribuír cunha bolsa de servizos que excedan a dinámica de traballo habitual como operativos especiais. Tamén se establece unha gratificación extraordinaria por servizos en días especiais para os funcionarios policiais que presten servizos de noite os días 24 e 31 de decembro de cada ano. Por último, o persoal funcionario da UPA ao cal se lle conceda a Cruz de Bronce, por ter acreditado 30 anos de servizo na unidade, recibirá unha contía que se aboará nun pagamento único.

A produtividade variable por especial rendemento para o persoal da UPA estableceuse mediante un acordo do Consello da Xunta de novembro de 2007, modificado no ano 2010 e, posteriormente, realizáronse pequenos cambios en 2016 e 2021.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZARÁ O PLAN CARTOGRÁFICO GALEGO PARA POÑER Á DISPOSICIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS, EMPRESAS E CIDADANÍA UNHA INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE CALIDADE

- O Consello da Xunta autoriza o inicio da tramitación para actualizar esta ferramenta básica para o desenvolvemento de calquera iniciativa relacionada co territorio como o urbanismo, as infraestruturas, a ordenación do litoral, a xestión agrícola e forestal
- Será un instrumento básico á hora de acometer, por exemplo, a redacción de plans de ordenación urbana, a planificación de vías, a localización dos puntos máis axeitados para a instalación de contedores para a recollida de residuos ou o deseño de concentracións parcelarias
- Desenvolverase no período 2026-2029 a través de programas operativos anuais, que mellorarán a difusión da información xeográfica ao permitir localizar e acceder a un coñecemento completo, detallado e actualizado
- Están previstos dous grandes obxectivos globais: a ampliación dos visores e das aplicacións técnicas que ofrece a Xunta e a continuidade da execución do Plan Galicia 5K para que toda a Comunidade conte cunha cobertura cartográfica á escala 1/5.000

O Consello da Xunta desta mañá autorizou o inicio da tramitación para actualizar o Plan galego de cartografía e información xeográfica co obxectivo de poñer á disposición das administracións públicas, empresas e cidadanía datos espaciais homoxéneos, coherentes, accesibles e de calidade.

Esta nova planificación será unha ferramenta básica para o desenvolvemento de calquera iniciativa con base ou incidencia sobre o territorio, como o urbanismo, as infraestruturas, a ordenación do litoral, a xestión agrícola, forestal e ambiental e a prevención de riscos, entre outras.

Así mesmo, tamén permitirá actualizar o Nomenclátor xeográfico, co obxectivo de determinar os nomes oficiais dos lugares e rueiros, que é fundamental para a prestación de servizos básicos para a cidadanía como correos, emerxencias, transporte, etc.

En concreto, será un instrumento básico á hora, por exemplo, de acometer a redacción de plans de ordenación urbana, a planificación de vías, a localización dos puntos máis axeitados para a instalación de contedores para a recollida de residuos, o deseño de concentracións parcelarias, a identificación dos espazos naturais que requiren unha especial protección, etc.

Polo tanto, este plan, que se desenvolverá nos vindeiros catro anos (2026-2029) a través de programas operativos anuais, que establecerán para cada exercicio as prioridades de actuación nesta materia, mellorará a calidade e difusión da información xeográfica ao permitir localizar e acceder a un coñecemento completo, detallado e actualizado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde unha perspectiva global, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET), responsable da coordinación deste plan, ten previsto dous grandes obxectivos: a ampliación dos visores e das aplicacións técnicas que ofrece a Xunta de Galicia e a continuidade da execución do Plan Galicia 5K.

No primeiro caso, o obxectivo é consolidar os servizos de información xeográfica que o Goberno galego pon á disposición de calquera usuario, público e privado, para poder consultar e descargar un amplo catálogo de datos sobre o territorio que son imprescindibles para levar a cabo multitude de traballos e xestións administrativas.

Unha das ferramentas que se prevé ampliar é o visor web, posto en marcha ao abeiro da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que xa lles permite aos usuarios coñecer de primeira man a área en que se localizan os terreos do seu interese, que é unha información clave para saber cales son os usos permitidos nese territorio.

En canto ao Plan Galicia 5K, a previsión é conseguir que, ao final do período de vixencia deste plan, toda a Comunidade poida dispoñer dunha cobertura cartográfica á escala 1/5.000 coa que se disporá de información máis precisa sobre o territorio e mellorará a toma de decisións na planificación, creación, implantación e seguimento das políticas da Administración autonómica en eidos como o urbanismo, a mobilidade, as emerxencias ou a dotación de servizos e equipamentos. Neste caso cómpre lembrar que xa está en marcha o proceso para cartografar 80 concellos de Ourense, que foi unha das iniciativas incluídas no primeiro Plan galego de cartografía, cuxa vixencia conclúe este ano 2025.

Deste xeito, esta nova planificación, cuxo deseño corresponde á Comisión de Coordinación dos Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía, dará continuidade ás preto de 140 accións xa realizadas ou iniciadas ao abeiro do plan anterior, que supuxeron un investimento global de máis de 23 millóns de euros.

Ao mesmo tempo, completárase coas achegas e suxestións propostas polas diferentes consellerías, entes instrumentais, entidades públicas e outros órganos, así como, se fose o caso, coas alegacións presentadas durante o trámite de información pública, que se abrirá durante un período non inferior a dous meses. A continuación, e logo de recibir o correspondente Informe do Consello Superior Xeográfico, a devandita comisión de coordinación elaborará o texto definitivo para a súa aprobación por parte do Consello da Xunta de Galicia. A previsión é que estea concluído no primeiro trimestre do 2026.

Con este segundo plan cartográfico, Galicia consolídase como unha das comunidades autónomas cun mellor sistema de información xeográfica, xa que garante a homoxeneidade, a coherencia e interoperabilidade dos datos espaciais e favorece a eficiencia no gasto público ao coordinar actuacións de diferentes departamentos autonómicos. E, ademais de asegurar a súa utilidade como servizo público, reforza a calidade dos datos grazas ao uso de drones, da monitorización do territorio e da intelixencia artificial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 5M€ Á NOVA CONVOCATORIA DO PROGRAMA EMEGA PARA APOIAR A MÁIS DE 350 EMPRENDEMENTOS FEMININOS

- Estímase que se crearán máis de 800 empregos femininos por conta propia ou allea
- Ponse o foco no rural, nos sectores masculinizados e nas mulleres de máis de 55 anos
- O programa prevé catro modalidades de axuda, Emerxe, Impulsa e Innova, máis outra complementaria, Concilia; e as achegas oscilan entre os 8.000 e os 42.000 euros
- Nos últimos doce anos, o programa Emega apoiou 2.076 proxectos e xerou ou reactivou 4.088 postos de traballo cun investimento de preto de 27 millóns de euros

O Consello da Xunta de hoxe autorizou unha nova convocatoria de axudas para este ano do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino. O seu importe supera os cinco millóns de euros, coa previsión de financiar máis de 350 proxectos e crear arredor de 800 empregos.

Esta orde presenta como principal novidade o reforzo de criterios específicos para a concesión das achegas, co obxectivo de prestar un maior apoio a mulleres maiores de 55 anos, a propostas de emprendemento no rural e en sectores masculinizados, así como a favorecer a realización de proxectos colaborativos. Ademais, os polos de emprendemento e apoio ao emprego converteranse en aliados estratéxicos da iniciativa, especialmente nas áreas rurais, co desenvolvemento dun programa de formación específica para as beneficiarias.

A convocatoria deste ano ten catro modalidades de axuda. A primeira delas é Emega Emerxe, con contías de ata 22.000 euros, para apoiar novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea. A segunda, Emega Impulsa, con ata 17.000 euros de subvención, para favorecer a reactivación e a consolidación de empresas constituídas por mulleres, así como a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade. E a terceira modalidade de achega é Emega Innova, con contías de ata 42.000 euros, para o desenvolvemento de iniciativas empresariais con contido científico ou con base tecnolóxica.

Por último, e co obxectivo de favorecer a conciliación, conta cunha axuda complementaria ás tres anteriores, Emega Concilia. Con esta modalidade preténdese dar pasos adiante na conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral tanto das mulleres promotoras da iniciativa empresarial como das traballadoras por conta allea.

Unha vez que o Consello da Xunta deu luz verde á convocatoria, o seguinte paso será a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e a apertura, a partir do día seguinte, dun mes de prazo para a presentación de solicitudes. Esta orde de axudas está cofinanciada nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Máis de 2.000 proxectos apoiados

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Consello da Xunta tamén avaliou un informe sobre os resultados e o impacto do programa Emega nos últimos doce anos (2012-2024). Neste tempo, a través desta iniciativa apoiáronse 2.076 proxectos de emprendemento feminino, xeráronse ou reactiváronse 4.088 postos de traballo e investíronse máis de 26,8 millóns de euros.

En canto á repercusión territorial, en 254 dos 313 concellos galegos apoiouse polo menos un proxecto, o que supón o 81,15 % do total de Galicia. De feito, no 96 % dos concellos entre 5.000 e 10.000 habitantes concedeuse algunha axuda (en 48 de 88 concellos), no 73 % no caso de concellos de menos de 5.000 habitantes (en 147 de 202) e no resto dos municipios, nas zonas máis poboadas de Galicia, no 100 %.

Presenza en sectores de valor engadido

Ademais, este estudo demostra que os emprendementos femininos estanse abrindo a sectores de valor engadido, como son: as actividades científicas e técnicas (230 proxectos apoiados cun investimento de 3,3 millóns de euros), a industria manufacturera (209 proxectos que suman 2,5 millóns de euros en achegas) ou a construción (40 propostas apoiadas con 425.000 euros).

Para este estudo fixéronse máis de 50 entrevistas a mulleres beneficiadas, das cales o 70 % asegura que o programa Emega lles posibilitou facer innovacións no negocio, a máis do 50 % permitiulles investir en tecnoloxía e desenvolver novos produtos e o 100 % recomenda o programa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA IMPULSA MODELOS EMPRESARIAIS MÁIS SOSTIBLES NAS PEMES GALEGAS CUNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DOTADA CUN MILLÓN DE EUROS

- O obxectivo é apoiar proxectos con impacto positivo nos ámbitos ambiental, social e de gobernanza, promovendo a economía circular e a responsabilidade empresarial
- En réxime de concorrencia non competitiva, cubrirá ata o 80 % dos investimentos e permitiralles ás empresas beneficiarias acceder a anticipos do 80 % do importe concedido
- As actuacións subvencionables abranguen desde a eficiencia enerxética e o ecodiseño ata programas de inclusión, ética laboral, transparencia financeira ou sistemas intelixentes de control de recursos

O Consello da Xunta coñeceu hoxe dunha nova liña de axudas, dotada cun millón de euros, destinada a apoiar o desenvolvemento e a implantación de proxectos que melloren os factores ASG –ambientais, sociais e de gobernanza– nas pequenas e medianas empresas galegas. Trátase da segunda convocatoria dun programa que reforza o compromiso do Goberno galego cun modelo produtivo máis sostible, inclusivo e eficiente, aliñado cos principios da economía circular e coas exixencias europeas en materia de sustentabilidade.

Esta iniciativa enmárcase na Estratexia galega de economía circular, apostando pola creación de novos modelos de negocio circulares nas empresas industriais de Galicia e, neste sentido, busca facilitarlles ás pemes e persoas autónomas a posta en marcha de solucións avanzadas que reduzan o consumo de recursos naturais, a xeración de residuos e que impulsen a responsabilidade social empresarial e unha gobernanza máis eficaz nas organizacións.

Para acadar este obxectivo, a liña cubrirá ata o 80 % dos investimentos en activos materiais e inmateriais, así como os gastos derivados de colaboracións externas, cunha subvención máxima de 60.000 euros por proxecto. Os beneficiarios recibirán ademais un anticipo do 80 % da axuda coa resolución de concesión.

As actuacións subvencionables abranguen desde a mellora da eficiencia enerxética ata o deseño de envases ecoeficientes, pasando pola implantación de programas de inclusión, ética laboral, transparencia financeira ou certificacións como B-Corp ou ISO 14006.

A convocatoria tamén recolle proxectos que aposten polo ecodiseño, a reutilización de residuos ou a implementación de sistemas intelixentes para o control de consumos e emisións. O prazo de presentación de solicitudes abrirase nos cinco días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de setembro de 2025.

Con esta nova convocatoria, a Xunta reafirma o seu compromiso coa sustentabilidade e a competitividade do tecido produtivo galego, apostando por unha economía máis verde,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

responsable e innovadora. A iniciativa busca contribuír á mellora da calidade de vida da cidadanía galega a través do apoio a empresas que apostan pola eficiencia, a igualdade e a transparencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN POR CASE 19M€ DAS OBRAS DO FUTURO IES DOMINGO VILLAR DE NAVIA, EN VIGO

- O Goberno galego licitará mañá martes este contrato, coa previsión de iniciar as obras do centro neste mesmo ano
- O centro será o primeiro instituto de Galicia deseñado seguindo os parámetros académicos, tecnolóxicos e de sostibilidade recollidos no Plan de nova arquitectura pedagóxica e terá capacidade para 700 alumnos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras de construción do Instituto IES Domingo Villar de Navia, en Vigo, por un orzamento de preto de 19 millóns de euros (18.768.923€). A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas encargárase da execución logo da encomenda realizada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

A Xunta licitará mañá martes este contrato, coa previsión de iniciar as obras, que teñen un prazo de 21 meses, este mesmo ano.

O futuro IES Domingo Villar, que dará resposta aos veciños de Navia e ás necesidades de escolarización na zona, así como doutros centros da contorna, será o primeiro instituto de Galicia deseñado seguindo os parámetros académicos, tecnolóxicos e de sostibilidade recollidos no Plan de nova arquitectura pedagóxica.

Terá capacidade para arredor de 700 alumnos de ESO e Bacharelato e ocupará unha superficie total de case 8.200 metros cadrados, divididos en edificio principal de aulario, ximnasio, espazos complementarios e biblioteca.

A organización espacial será flexible e versátil, con espazos interactivos para fomentar novos modelos de aprendizaxe, dinámicos e adaptables, na liña dos parámetros do Plan de nova arquitectura pedagóxica. Así mesmo, o centro contará con foros, espazos polivalentes centrais e comúns que permiten expandir as aulas para poder compartir traballos ou experiencias.

O novo edificio será accesible e inclusivo e está pensado para procurar a eficiencia enerxética.

Todas as aulas e zonas sensibles disporán de protección acústica e o proxecto integra a masa arbórea situada ao norte da parcela, de especies autóctonas con valor ambiental e paisaxístico. Este espazo funcionará como eixo vertebrador das circulacións do novo centro e como un patio verde.

O centro estará dotado tamén cunha zona de aparcamento de bicicletas, inmediata ás novas ciclovías do barrio de Navia, para apoiar a nova mobilidade de proximidade.

Encomenda

A licitación destes traballos do IES de Navia por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas responde á encomenda de xestión, xa autorizada polo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta, coa que se articula un acordo de colaboración entre as consellerías de Educación e Vivenda para posibilitar a construción do centro.

Este proxecto amosa a coordinación entre as dúas consellerías na tramitación dos distintos pasos dos procesos administrativos e construtivos para axilizalos o máximo posible, compaxinando tres trámites: a licenza de obra, a urbanización do polígono e a obra do instituto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA COLABORARÁ CO CONCELLO DE TRAZO NA HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO DE MERELLE, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 330.000 €

- Trátase de intervir neste pequeno núcleo da parroquia de Xavestre, co fin de poñer en valor as construcións existentes e a súa contorna, de gran valor paisaxístico
- As intervencións forman parte do Plan Hurbe, programa do Goberno galego para apoiar as administracións locais no financiamento de diferentes tipos de intervencións urbanísticas
- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asumirá o 70 % do orzamento, máis de 230.000 euros, contratará e executará as obras
- O Goberno galego aposta polo desenvolvemento dos núcleos rurais como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio

O Consello da Xunta acaba de autorizar o acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Trazo para executar as obras de humanización do núcleo de Merelle, que suporán un investimento total de 329.505 euros.

Esta intervención enmárcase no coñecido Plan Hurbe, un programa impulsado pola Xunta co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, centrándose neste caso neste pequeno núcleo da parroquia de Xavestre, co fin de poñer en valor as construcións existentes e a súa contorna, de gran valor paisaxístico.

A través do convenio avaliado hoxe polo Executivo autonómico, propónse levar a cabo a reurbanización das rúas interiores desta aldea do municipio coruñés.

Ademais, prevense as obras necesarias para realizar un novo colector de pluviais que solucione os problemas de evacuación de augas da aldea e un novo colector de augas residuais. Tamén se inclúe o soterramento dos servizos de electricidade, iluminación e telecomunicacións.

Tamén se inclúe na intervención a instalación e colocación de novo mobiliario urbano (bancos, papeleiras e xardineiras), así como a posta en valor do lavadoiro existente en Merelle, ao que se lle aplicará un lavado dos seus muros, se substituirán as varandas actuais por unhas novas de aceiro galvanizado e adaptárase á súa contorna.

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, achegando un investimento de 230.653 €, contratará e executará as obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Concello de Trazo achegará o 30 % restante do custo estimado das actuacións, 98.851 euros; redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e comprométese á recepción, ao mantemento e á conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

Co acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta mantén o impulso na continuada colaboración coas entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como este Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da Comunidade como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE SILLEDA NO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 750.000 €

- A intervención prevista no acordo hoxe autorizado busca unha transformación integral da contorna, coa modernización das infraestruturas, a creación de novos espazos públicos accesibles e a mellora da eficiencia dos servizos urbanos
- O Goberno galego contribuirá ao financiamento das intervencións coa achega do 14 % do orzamento, preto de 105.000 €, mentres que o Concello de Silleda achegará o 6 % e a Deputación Provincial de Pontevedra o 80 % do investimento total previsto
- A actuación permitirá mellorar a accesibilidade, seguridade viaria e a adecuación dos servizos públicos nesta avenida

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do acordo de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Silleda para o financiamento do proxecto de mellora da mobilidade peonil na avenida do Parque, que suporán un investimento de preto de 750.0000 euros.

Coa actuación obxecto do convenio autorizado hoxe, a Xunta ten como obxectivo apoiar o Concello de Silleda na busca dunha transformación integral da contorna, coa modernización das infraestruturas, a creación de novos espazos públicos accesibles e a mellora da eficiencia dos servizos urbanos.

O Goberno galego contribuirá ao financiamento das intervencións coa achega do 14 % do orzamento, é dicir, preto de 105.000 €; e o Concello de Silleda achegará o 6 % do investimento total previsto. Trátase así de completar a axuda concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra por importe de preto de 598.000 €, equivalente ao 80 % do investimento previsto no proxecto.

Antecedentes

Neste caso, o proxecto enmárcase dentro das políticas municipais de transformación urbana sostible e accesible, aliñándose co Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS) de Silleda, co Plan de acción para a Axenda 2030 e co programa Cinto Verde, unha estratexia municipal que busca conectar todo o núcleo urbano a través de rúas humanizadas, accesibles e sostibles.

A avenida do Parque é unha das principais arterias do núcleo urbano de Silleda e verteбра a mobilidade entre espazos clave do municipio, como a área comercial e hostaleira do centro urbano, xeradora de actividade económica e social, e diversas zonas residenciais e equipamentos públicos fundamentais, incluído o parque central, a igrexa parroquial e diferentes espazos culturais. A actuación permitirá mellorar a accesibilidade, seguridade viaria e adecuación dos servizos públicos.

O espazo público preséntase como catalizador para a rexeneración urbana: áreas verdes, rúas, parques, equipamentos e instalacións públicas teñen unha gran capacidade de transformación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, o Goberno galego facilita o impulso e a materialización dunha proposta que integra patrimonio, funcionalidade e sostibilidade para proxectar Silleda cara a un futuro urbano inclusivo e resiliente. Este esforzo representa unha oportunidade para revivir a vila, establecendo unha folla de roteiro claro para o seu desenvolvemento estratéxico e a súa revitalización urbana.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN POR MÁIS DE 196.000 € DA REDACCIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUIR 24 VIVENDAS PÚBLICAS NA RÚA ANGELO COLLOCCI, EN LUGO

- Este edificio construírse nunha das seis parcelas cedidas polo Concello, nas cales a Xunta de Galicia prevé un total de 137 vivendas de promoción pública, cunha estimación de 20,9 M€ de investimento
- En canto ás outras parcelas cedidas, o Goberno galego xa ten en licitación a redacción dos proxectos para 63 vivendas na zona de Paradai e para 50 de aloxamentos temporais e compartidos para menores de 36 anos na rúa Illa Coelleira
- A Xunta avanza no reto de chegar ás 4.000 novas vivendas protexidas nesta lexislatura, tendo xa en marcha máis de 2.200 en distintas fases de execución

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a licitación, por importe de 196.341,70 €, da redacción dos proxectos básico e de execución e de dirección de obra para a construción de 24 vivendas de promoción pública na rúa Angelo Collocci, en Lugo.

A Xunta, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), licitará este novo contrato proximamente e os técnicos ou as empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

Este edificio construírse na parcela UA-N7, situada na rúa Angelo Collocci, unha das seis cedidas polos Concello de Lugo onde a Xunta prevé un total de 137 vivendas de promoción pública, cunha estimación de 20,9 M€ de investimento.

Ademais desta parcela, no marco do convenio asinado en maio entre a Xunta e o Concello de Lugo, o Goberno galego acadou catro parcelas en Paradai e unha na rúa Illa Coelleira.

O Goberno galego xa ten tamén en licitación a redacción dos proxectos para a construción de 63 vivendas de promoción pública na zona de Paradai. Ademais está en marcha a contratación da redacción do proxecto para executar 50 vivendas de aloxamento temporal e compartido para menores de 36 anos na rúa Illa Coelleira.

Estes proxectos enmárcanse no compromiso da Xunta de incrementar o parque público residencial na cidade de Lugo, onde se están tamén a executar no barrio de Garabolas catro inmobles que suporán máis de 460 vivendas protexidas, e no centro histórico, na rúa Catedral 18 e 22, rehabilitaranse dous edificios ao abeiro do programa Rexurbe, para dous fogares.

Ademais, a Xunta ten marcha o concurso de ideas para a rehabilitación do Pazo de Dona Urraca e todo o ámbito do UI-8 da Tinería, promovendo a revitalización integral do núcleo histórico. No marco deste concurso, presentáronse 17 propostas, que serán avaliadas polo xurado constituído.

Por outra parte, a Xunta tamén avanza no desenvolvemento da 1ª fase da Estratexia galega de solo residencial, en colaboración cos concellos, para facilitar solo destinado á

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

construción de 25.000 vivendas, 20.000 protexidas e 5.000 libres. En Lugo, o Executivo autonómico está a redactar o proxecto de interese autonómico no ámbito do barrio do Sagrado Corazón, no cal se prevé a urbanización de solo para 1.200 vivendas.

A Xunta segue dando pasos para acadar o reto de chegar ás 4.000 novas vivendas protexidas nesta lexislatura e sumar así 8.000 vivendas, tendo xa en marcha máis de 2.200 vivendas en distintas fases de execución nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 165.000 € A CURSOS DE FORMACIÓN PARA PERSOAL MÉDICO COA FINALIDADE DE OPTIMIZAR A XESTIÓN DAS INCAPACIDADES TEMPORAIS

- A Consellería de Sanidade renova o convenio de colaboración coa Universidade de Alcalá e co Instituto Nacional da Seguridade Social para impartir actividades formativas en liña de oito semanas de duración
- Búscase mellorar os coñecementos sobre esta prestación de médicos de atención primaria e residentes MIR
- Poderán participar 235 profesionais nestes cursos que se desenvolverán entre este ano e 2028
- A Xunta puxo en marcha o pasado ano un Plan de mellora e control das incapacidades temporais, co que se anticipou á proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social dun modelo normalizado de convenio para mellorar a xestión

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e a Universidade de Alcalá para a realización dun curso sobre a incapacidade temporal para médicos asistenciais, que a Xunta financiará con preto de 165.497,34 euros.

Esta iniciativa pretende perfeccionar a formación de 235 médicos de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, como principais xestores da prestación sanitaria de incapacidade temporal.

En total, desenvolveranse sete edicións do curso, que serán ofertadas desde 2025 a 2028. O primeiro ano ofertaranse 94 prazas e os posteriores, 47 cada ano.

A incapacidade temporal é unha prestación do Sistema Nacional de Saúde que precisa ser percibida polos seus lexítimos destinatarios. A través da mellora da formación dos facultativos da sanidade pública búscase proporcionar unha xestión eficiente desta prestación, co que se garanten os dereitos dos pacientes.

O curso, que terá unha duración de doce semanas, impartirase telematicamente a través da Universidade de Alcalá, con participación da Inspección de Servizos Sanitarios da Consellería de Sanidade e do Instituto Nacional da Seguridade Social na titorización da actividade formativa.

Máis formación continuada

Do mesmo xeito, a Axencia galega de coñecemento en saúde (ACIS), dependente da Consellería de Sanidade, tamén proporciona actividades formativas sobre a incapacidade temporal, tanto na modalidade presencial como na modalidade de teleformación.

Así, en 2024 participaron 168 sanitarios -médicos de familia, residentes MIR desta especialidade e profesionais de traumatoloxía-, en cursos presenciais sobre a evolución da incapacidade temporal en atención primaria e en cursos en liña sobre a tramitación,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xestión e control. No caso dos residentes MIR, tamén rotan polas unidades de Inspección e Control de Saúde Laboral, xa que son os profesionais que no futuro xestionarán a incapacidade temporal.

Plan de mellora e control das incapacidades temporais da Xunta

A Xunta de Galicia puxo en marcha o pasado ano un Plan de mellora e control das incapacidades temporais que permitiu revisar, no primeiro trimestre deste 2025, preto de 19.000 procesos de baixa e citar para a valoración a máis de 6.000 pacientes.

Con este plan, a Xunta anticipouse á proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social dun modelo normalizado de convenio para mellorar na xestión das incapacidades temporais.

Desde a posta en marcha do reforzo das inspeccións, en xuño de 2024, levouse a cabo a revisión de 67.963 procesos de incapacidade temporal e citouse para unha avaliación presencial a 28.748 pacientes de baixa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 40 M€ Á ADQUISICIÓN DE VÁLVULAS CARDÍACAS E DISPOSITIVOS DE TRATAMENTOS PERCUTÁNEOS CON DESTINO ÁS UNIDADES DE CARDIOLOXÍA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- A adquisición de diferentes próteses valvulares aórticas, tricúspides e pulmonares transcáteter suporá un investimento de 35,6 millóns de euros
- O Executivo galego tamén autorizou unha partida de 4,7 millóns de euros para a compra de dispositivos de tratamento percutáneo destinados á abordaxe da insuficiencia mitral e tricúspide
- Este material sanitario permite restaurar a función valvular e mellorar os síntomas vencellados ás insuficiencias cardíacas sen necesidade de cirurxías abertas
- Ambos os contratos terán unha duración inicial de dous anos, cunha posible ampliación por 24 meses máis

O Consello da Xunta autorizou hoxe dúas novas licitacións para a adquisición de próteses valvulares cardíacas e de dispositivos de tratamentos percutáneos con destino ás unidades de Cardioloxía do Servizo Galego de Saúde. O Executivo destinará 40,3 M€ á subministración deste material sanitario.

Un dos contratos ten unha dotación orzamentaria de 35.625.522 euros e ten por obxecto a adquisición de diferentes próteses valvulares cardíacas que permiten restaurar a función valvular por vía percutánea. Esta innovación clínica representa un grande avance para os pacientes con alto risco cirúrxico, ao posibilitar a recuperación valvular por medio dun acceso que se realiza mediante os grandes vasos, e co que se evita a necesidade dunha cirurxía aberta.

Neste sentido, entre os beneficios que derivan da abordaxe da patoloxía valvular por vía percutánea atópanse a redución de posibles complicacións postoperatorias, a redución dos tempos de recuperación e tamén a necesidade dunha menor estancia hospitalaria.

Cómpre destacar que se trata da segunda compra centralizada que a Xunta realiza sobre este tipo de material sanitario, que terá como destino os hospitais da Coruña, Santiago de Compostela e de Vigo.

O contrato terá unha duración inicial de dous anos, e prevé unha posible prórroga por outros 24 meses, chegando neste caso o valor estimado ata os 71,2 millóns de euros.

Con esta modalidade de compra, o Executivo galego agarda un aforro de máis de 923.000 euros ao ano, o que supón 3,7 millóns de euros para os catro anos que prevé o contrato, contando as posibles prórrogas.

Entre os 14 lotes que integran o expediente, destacan tres tipos de próteses valvulares cardíacas biolóxicas percutáneas. Por unha banda, as próteses valvulares aórticas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

percutáneas, que se implantan en pacientes con estenose aórtica severa e que non poden ser intervídos mediante cirurxía convencional por seren considerados de alto risco ou, directamente, non operables.

Así mesmo, adquiriranse próteses valvulares tricúspides percutáneas, para responder á necesidade de dispor de alternativas avanzadas para o tratamento da insuficiencia tricúspide en pacientes seleccionados.

Tamén se dotarán estes tres hospitais galegos de próteses pulmonares transcáteter, o que constitúe unha alternativa minimamente invasiva á cirurxía convencional en pacientes con disfunción do tracto de saída do ventrículo dereito.

Dispositivos para o tratamento percutáneo de insuficiencias

O segundo dos expedientes autorizados esta mañá polo Goberno galego ten por obxecto a subministración sucesiva de dispositivos de tratamento percutáneo para abordar a insuficiencia mitral e tricúspide.

Neste caso, a Xunta destinará unha partida de 4.752.000 euros para restaurar a función valvular mellorando os síntomas derivados de disfuncións como: a disnea, a fatiga ou a insuficiencia cardíaca.

A insuficiencia mitral é a segunda valvulopatía máis frecuente en Europa e a máis prevalente en todo o mundo, mentres que insuficiencia tricúspide moderada ou grave está identificada ata no 4 % dos pacientes maiores de 75 anos.

Do mesmo xeito que no caso válvulas cardíacas, o contrato terá unha duración inicial de dous anos e prevé unha posible prórroga por un prazo máximo de 24 meses, acadando neste caso un valor estimado de 9,5 millóns de euros. A Administración autonómica agarda acadar un aforro de máis de 122.000 euros ao ano, para os catro anos que prevé o contrato, contando as posibles prórrogas.

A Xunta continúa a traballar na adquisición de material e produtos sanitarios co obxectivo de achegar a mellor calidade asistencial posible ao conxunto de poboación galega ao tempo que garante a sostibilidade económica do sistema sanitario público galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A NOVA ESTRATEXIA GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS CUN INVESTIMENTO DE 400 M€ QUE POTENCIARÁ O ACCESO Á REHABILITACIÓN E A NOVOS TRATAMENTOS

- Rueda salienta a aposta do Goberno autonómico por mellorar a calidade de vida dos máis de 5.200 pacientes que hai diagnosticados en Galicia con estas patoloxías
- A nova estratexia estruturarase ao redor de cinco liñas de traballo e un eixe transversal que permitirá ponderar os resultados en saúde das accións propostas
- Anuncia a posta en marcha dun servizo de rehabilitación a domicilio e a incorporación de tecnoloxía robótica nos hospitais para estas tarefas
- Aspírase a reducir os tempos actuais no diagnóstico e no asesoramento xenético e tamén se prevé a ampliación do cribado neonatal, que xa é o máis completo de España, para detectar enfermidades antes de que produzan síntomas
- Deseñaranse protocolos de seguimento específicos por medicamento e patoloxía para seren cubertos polos propios pacientes e avaliar a súa experiencia
- As unidades funcionais multidisciplinares de enfermidades raras do Servizo Galego de Saúde, que xa realizaron máis de 5.600 consultas, seguirán sendo axentes principais na normalización da asistencia sanitaria

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe a Estratexia Galega de Enfermidades Raras 2025-2030 na que se van investir 400 millóns de euros e que vai reforzar os servizos de rehabilitación e ampliar o cribado neonatal.

Unha Estratexia que, segundo resaltou Rueda, enmárcase na aposta do Goberno autonómico por “tratar desde a sanidade pública as chamadas enfermidades raras” e mellorar a calidade de vida dos “máis de 5.200 pacientes diagnosticados” que hai na comunidade con algunha destas patoloxías. Nesta liña, lembrou a creación nos últimos anos de unidades específicas para enfermidades raras “na Coruña, Santiago e Vigo” -que xa rexistraron 5.600 consultas- ou que Galicia conta co cribado neonatal “máis completo de España”.

Tal e como aprobou hoxe o Consello, o Executivo galego realizará un investimento que superará os 396 millóns de euros para desenvolver un conxunto de actuacións que teñen por obxectivo mellorar a calidade de vida destes pacientes que sofren este tipo de doenzas durante os próximos cinco anos.

A estratexia prevé o gasto de 384 millóns de euros para financiar as terapias farmacolóxicas que reciben os pacientes diagnosticados con enfermidades raras, así como 4,8 millóns para o programa de cribados neonatais; e unha partida específica de 7,8 millóns de euros para artellar novas liñas de traballo durante o período 2025-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha das principais novidades será a avaliación de resultados en saúde para medir a calidade de vida, as funcionalidades recuperadas, a autonomía ou a redución da dor e dos síntomas, con cada un dos tratamentos.

Un eixo transversal e cinco liñas de traballo

O departamento sanitario da Xunta de Galicia deseñou unha nova folla de ruta que se estruturará ao redor de cinco liñas estratéxicas de traballo e un eixo transversal que permitirá ponderar a efectividade das accións recollidas na nova estratexia.

Así, o conxunto de accións que incorpora a Estratexia galega de enfermidades raras 2025-2030 compartirán un triplo obxectivo: a execución de accións que permitan avaliar os resultados en saúde; potenciar as inscricións no Rexistro Galego de Pacientes con Enfermidades Raras (Rerga), que pechou o ano 2024 con 5.217 casos, e o fomento de actividades informativas para os profesionais e pacientes do Servizo Galego de Saúde.

No que atinxe ás liñas de traballo, o presidente destacou que a primeira delas incidirá no fomento da rehabilitación, unha “prioridade” e parte fundamental da asistencia sanitaria destes pacientes. Este labor realizarase a través de equipos multidisciplinares constituídos por médicos rehabilitadores, fisioterapeutas, logopedistas, terapeutas ocupacionais, psicólogos ou traballadores sociais. Así, tal e como anunciou Rueda, darase un paso adiante importante na accesibilidade, coa posta en marcha “dun servizo de rehabilitación a domicilio” para determinados pacientes con características clínicas e sociais específicas.

Ademais, “incorporarase a tecnoloxía robótica” aos servizos de rehabilitación hospitalarios das sete áreas sanitarias.

En segundo lugar, e co obxectivo de mellorar a atención a estes pacientes, a Consellería de Sanidade márcase como obxectivo reducir o tempo de espera das probas e os estudos xenéticos de diagnóstico de enfermidades raras. Neste senso, crearase un sistema coordinado que permita compartir coñecementos, recursos e protocolos, ao optimizar o acceso aos estudos xenéticos e garantir unha maior equidade na atención. Para iso levarase a cabo unha coordinación funcional entre as unidades multidisciplinares e os expertos en xenética para mellorar a prestación de consello xenético.

Co mesmo fin de mellorar a atención, crearase unha plataforma tecnolóxica para facilitar a incorporación de Galicia á rede de nodos do Sistema Nacional de Saúde que permitirá que todos os pacientes pediátricos con enfermidades raras teñan as mesmas oportunidades de atención e tratamento, vivan na comunidade en que vivan. O Consello da Xunta abordou hoxe a licitación do servizo para o desenvolvemento desta plataforma.

Outros dos eixes principais deste plan terán como obxecto ampliar a carteira de servizos do Programa galego de detección precoz de enfermidades conxénitas na proba do talón. Na actualidade, o cribado neonatal que realiza a sanidade pública galega permite detectar un total 37 enfermidades primarias ao nacer, unha cifra que sitúa Galicia como a Comunidade co cribado máis completo de toda España. O titular do Goberno galego

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sinalou que na nova estratexia estudarase “incluír 12 enfermidades máis”, sobre a base da evidencia científica dispoñible, explicou o presidente.

Cómpre destacar que entre os anos 2000 e 2024 foron cribados 476.531 bebés e diagnosticáronse 705 enfermidades. Entre elas, o sistema sanitario público galego incluíu, de forma pioneira, a detección da atrofia muscular espiñal (AME), que rexistrou dous casos en 2023 e outros dous máis o ano pasado. Así, e grazas a esta detección temperá, os bebés puideron comezar os seus tratamentos para mellorar o prognóstico.

En cuarto lugar, a nova Estratexia galega de enfermidades raras tamén inclúe homoxeneizar e facilitar o acceso ás terapias e aos tratamentos, xa sexan medicamentos orfos (especificamente desenvolto para previr, diagnosticar ou tratar enfermidades raras) ou convencionais (terapias avanzadas, fármacos en investigación ou produtos sanitarios). Nesta liña, deseñaranse protocolos de seguimento específicos por medicamento e patoloxía para seren cubertos polos propios pacientes e avaliar a súa experiencia, medindo aspectos relacionados coa calidade de vida, a funcionalidade e os síntomas asociados a unha patoloxía.

A quinta liña que recolle a estratexia ten como obxectivo mellorar a precisión dos informes médicos co fin de facilitar valoracións máis axustadas de recoñecemento do grao de discapacidade, dependencia ou incapacidade laboral permanente. Para iso, consensuarase unha guía específica para a redacción de informes médicos en enfermidades raras, incluídos os criterios clínicos relevantes e as orientacións sobre o impacto funcional.

No marco da nova estratexia, seguirase a potenciar a coordinación entre os distintos niveis asistenciais e potenciarase a figura do xestor de casos para que sexa o profesional de referencia de cada paciente.

Para definir a nova Estratexia galega en enfermidades raras 2025-2030, a Consellería de Sanidade abordouna con entidades como a Federación Española de Enfermidades Raras e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec).

Con esta nova estratexia, a Xunta de Galicia mellorará a resposta asistencial ante unha enfermidade rara, o que supón un grande impacto, tanto para o paciente como para a súa familia, tanto no plano físico como no emocional, social e económico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONVOCA 11 BOLSAS PARA INVESTIGAR SOBRE LINGUA GALEGA NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- Con esta iniciativa, o Goberno galego destina máis de 290.000 € para afondar na bibliografía informatizada da lingua galega, na lírica medieval galego-portuguesa ou na recuperación de textos literarios e xornalísticos galegos
- Os bolseiros realizarán a formación desde o 1 de decembro deste ano 2025 ata o 30 novembro de 2027

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria de 11 novas bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para levar a cabo traballos relacionados coa lingua galega. Cun investimento de 293.174 euros, esta convocatoria enmárcase no compromiso do Goberno autonómico coa investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica sobre a lingua propia de Galicia, co fin de promover o seu uso en todos os eidos profesionais e sociais.

Nesta ocasión, as bolsas permitirán que os investigadores afonden nos seguintes proxectos de investigación: *Tesouro paleográfico*, *Corpus de referencia do galego actual (Corga)*, *Corpus Documentale Latinum Galleciae (Codolga)*, *Bibliografía informatizada da lingua galega (Bilega)*, *Terminoloxía científico-técnica*, *Informes de literatura*, *Recuperación de textos literarios e xornalísticos galegos*, *Lírica medieval galego-portuguesa*, *BiRMED: Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval*, *Dimensións da identidade colectiva de Galicia* e no *Estudo e edición de textos literarios galegos*.

Con esta liña de axudas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude busca fomentar a capacitación dos titulados universitarios, promovendo ao mesmo tempo o ensino, a cultura e a investigación en lingua galega. Neste contexto, o Centro Ramón Piñeiro, como centro investigador de referencia en estudos de investigación filolóxicos, literarios e antropolóxicos, está a potenciar o prestixio crecente da lingua galega, fomentando liñas de actuación que favorecen os traballos de investigación nestes eidos, así como a súa difusión no exterior.

Incremento do número das bolsas

Como novidade, nesta convocatoria o número de prazas será de 11, unha máis que en 2024. Así, poderán solicitar a súa praza as persoas licenciadas ou graduadas universitarias nas titulacións exixidas no proxecto para o que presenten a súa solicitude. Ademais, deberán acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, non resultar beneficiarias dunha bolsa en concursos anteriores ou de contratos do Centro Ramón Piñeiro e posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos.

As solicitudes serán avaliadas por unha comisión específica que terá en conta os méritos acreditados documentalmente por cada un dos solicitantes, considerando especialmente a nota media do expediente académico, a súa formación complementaria, a presentación de comunicacións e congresos relacionados coa bolsa ou as publicacións relacionadas coa especialidade da investigación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A data estimada de comezo será o 1 de decembro de 2025 e rematarán o 30 de novembro de 2027. Con todo, a data de incorporación ao centro establecerase na notificación da adxudicación da bolsa.

Investigación en humanidades

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude cuxo obxectivo é promover a formación e a capacitación das persoas universitarias a través de convocatorias públicas para a investigación e o estudo de programas no ámbito de humanidades.

Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva, ademais de centrarse na dixitalización do coñecemento, co propósito de ofrecer recursos dixitais e ferramentas que permitan poder compartilos e difundilos e sexan de acceso libre.

Desde a súa fundación, hai 28 anos, pasaron máis de 500 investigadores ou bolseiros que formaron parte dos diferentes proxectos de investigación impulsados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE CON MÁIS DE 170.000 € O ESTUDO DA CULTURA E LINGUA GALEGAS NAS UNIVERSIDADES DE LEIPZIG, VARSOVIA E BARCELONA

- O Consello dá luz verde aos convenios, que se encadran na estratexia da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para fornecer a proxección exterior do galego
- Este apoio económico posibilita tamén a contratación dunha persoa lectora en cada unha delas e o desenvolvemento de cursos, conferencias, seminarios ou congresos
- O Goberno autonómico mantén esta colaboración coas tres institucións académicas desde hai máis de 15 anos

O Goberno galego destinará máis de 170.000 € para continuar a fornecer a proxección exterior da cultura e lingua galegas promovendo o seu estudo nas universidades de Leipzig (Alemaña), Varsovia (Polonia) e Barcelona. Así se deu conta hoxe no Consello da Xunta de Galicia en que se autorizou a sinatura destes convenios, de catro anos de duración, entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e estas tres institucións académicas.

A Consellería de Lingua, Cultura e Xuventude mantén esta colaboración coas tres universidades desde hai máis de 15 anos co obxecto de impulsar a docencia, a investigación e a promoción da lingua, literatura e cultura galegas tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

Así, para esta promoción exterior do galego, as achegas económicas da Xunta teñen como obxecto que estas institucións académicas integren as ensinanzas de lingua, literatura e cultura galegas nos seus plans de estudo. De igual xeito, garante que se dote dunha persoa lectora en cada unha delas e que se desenvolvan cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas ou exposicións. Súmanse a estas accións a adquisición de material bibliográfico, fonográfico, videográfico ou informático necesarios para estas ensinanzas.

No caso da colaboración coa Universidade de Leipzig, iniciada en 2010, a Xunta destinará a este fin un total de 97.225 euros para os vindeiros catro anos. Con respecto á de Varsovia serán preto de 64.000 para o mesmo período de tempo. Para o convenio coa Universidade Autónoma de Barcelona destinaranse 12.000 euros para os anos comprendidos entre 2025 e 2028, ambos os dous incluídos. Con estas dúas últimas institucións académicas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude mantén este apoio para estas accións desde 1997.

Reforzo da estratexia de internacionalización da lingua e cultura galegas

A autorización destes convenios supón un novo paso da Xunta de Galicia na súa liña de traballo para promocionar o noso idioma en distintas partes do mundo. Trátase dunha estratexia que permite que, na actualidade, o galego sexa obxecto de estudo en 36 universidades nacionais (9) e internacionais (27). A esta iniciativa súmase que o Goberno galego ten en marcha bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en diferentes universidades do mundo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA IMPULSA A CONTRATACIÓN RESERVADA A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO E EMPRESAS DE INSERCIÓN PARA FOMENTAR UN MERCADO LABORAL CADA VEZ MÁIS INCLUSIVO

- O Consello aprobou un acordo para seguir coa reserva dun 6% dos seus contratos menores e abertos simplificados en determinados servizos a CEE de iniciativa social e a empresas de inserción, o que supón un importe mínimo de preto de 3 M€
- Deste xeito, búscase incentivar a inclusión laboral das persoas con discapacidade e en risco ou situación de exclusión social para facilitar o seu acceso ao mercado de traballo e apoialas no seu desenvolvemento social e persoal
- No 2024 tamén se aprobara unha porcentaxe de reserva mínima do 6 % a estas entidades, o que supoñía un volume de contratación reservada de preto de 2,5 M€, cantidade que se superou durante o exercicio mellorando os obxectivos iniciais
- Esta actuación forma parte da aposta global do Executivo autonómico a prol da economía social, ámbito para o que este ano ten orzados case 45 M€, no marco da Estratexia galega da economía social: horizonte 2027

O Consello da Xunta aprobou hoxe un novo acordo para dar continuidade á reserva dunha porcentaxe mínima da súa contratación pública a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, atendendo ao que establece a Lei de contratos do sector público. Deste xeito, este ano seguirase reservando unha porcentaxe mínima do 6 % do conxunto dos contratos menores e abertos simplificados en determinados servizos e subministracións establecidos nesa lei, como se viña facendo ata agora. Isto supón un importe mínimo de preto de 3 M€.

Entre estes servizos e subministracións están os relacionados coa limpeza, recollida e reciclaxe, servizos forestais, lavandaría, hostalaría, transporte, imprenta, servizos sociais, almacenamento e repartición, hospedaxe, traballo administrativo, xestión e traballos auxiliares, correo e publicidade, mantemento e reparacións, produción e venda de plantas, produción e venda de xabóns, de ferramentas de cociña, de mobiliario, venda e distribución, artigos para eventos e regalos de empresa.

Esta actuación do Executivo autonómico ten como fin incentivar a inclusión laboral das persoas con discapacidade e en risco ou situación de exclusión social para facilitar o seu acceso ao mercado de traballo e apoialas no seu desenvolvemento, tanto desde unha esfera profesional como social e persoal.

Neste sentido, no 2024 tamén se aprobara unha porcentaxe de reserva mínima do 6 % da contratación pública do Goberno galego a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, o que supoñía un volume de contratación reservada de preto de 2,5 M€. Esta cantidade superouse durante o exercicio mellorando os obxectivos iniciais e acadando finalmente un importe de preto de 3,3 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pulo ao emprego inclusivo

A contratación reservada enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia co emprego inclusivo no seu apoio ás entidades que traballan con persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social. Ademais, forma parte da aposta global do Executivo autonómico a prol da economía social, ámbito para o que este ano ten orzados case 45 M€, no marco da Estratexia galega da economía social: horizonte 2027, coa que se estima crear 4.000 novos postos de traballo baixo o paraugas desta modalidade de negocio e constituír 400 novas entidades.

Nesta folla de ruta tamén se encadran os apoios para promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como a inserción laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social mediante medidas de fomento do emprego dirixidas ás empresas de inserción laboral. A eles, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina un orzamento global de máis de 28,5 millóns de euros na convocatoria deste ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REVOLUCIONA A FORMACIÓN PARA PERSOAS DESEMPREGADAS CUNHA NOVA ORDE DOTADA CON 50 M€, APOSTANDO POLA FLEXIBILIDADE E A DEMANDA DO MERCADO

- O Consello da Xunta de Galicia autorizou a nova convocatoria de accións formativas para desempregados, redeseñada por completo no marco da transformación cara a un modelo máis eficaz e situando Galicia na vangarda das políticas activas de emprego
- A colaboración entre as entidades formativas e as empresas será fundamental, estas últimas poden canalizar directamente unha necesidade formativa a través dos centros acreditados, garantindo así unha resposta áxil ás súas necesidades
- Entre as novidades introdúcese a posibilidade de impartir microformacións e por primeira vez a formación dual obrigatoria nas formacións de longa duración, cun mínimo do 25 % en contornas reais de traballo
- As oficinas de emprego reforzan o seu papel, identificando necesidades formativas por sectores e territorios e derivando candidatos, que deberán comprometerse á asistencia no marco do seu itinerario consensuado de empregabilidade
- Co obxectivo de desestacionalizar a oferta e dar carácter anual á convocatoria no futuro, esta orde é de transición e completarase en 2026 cunha específica que estará aberta desde comezos de ano

O Consello da Xunta acaba de aprobar unha nova orde de accións formativas para persoas desempregadas (AFD), dotada con 50 millóns de euros e que marca un punto de inflexión no modelo de formación para o emprego que está a impulsar Galicia, nun contexto en que a Comunidade vén de acadar o máximo histórico de afiliacións con 1.102.651 cotizantes e o mínimo de paro desde que hai rexistros, con 107.254 desempregados. A convocatoria supón un redeseño integral e disruptivo con respecto ás edicións anteriores, cun triplo obxectivo: garantir unha formación máis aliñada coas necesidades reais do tecido produtivo, dotala dunha maior axilidade na súa execución e incorporar a máxima flexibilidade na duración dos cursos para favorecer a rápida adaptación ás demandas do mercado laboral. Trátase, en definitiva, dun fito fundamental no marco da transformación profunda que está a liderar o Executivo autonómico cara a un modelo máis eficaz, dinámico e adaptado tanto ás persoas como ao tecido produtivo e que se consolidará coa implantación do futuro decreto autonómico de microcredenciais para o traballo, que situará Galicia na vangarda das políticas activas de emprego.

A nova orde AFD —que prevé beneficiar preto de 12.000 persoas e que se completará cunha orde anual en 2026— incorpora importantes novidades que supoñen un novo paradigma para todos os axentes implicados. Para as persoas desempregadas, a convocatoria representa unha oportunidade de acceder á formación máis útil e afastada de calendarios ríxidos. Grazas á flexibilidade na duración das accións e á participación das oficinas de emprego na orientación e selección do alumnado, cada itinerario poderá adaptarse mellor aos perfís e obxectivos profesionais. Como novidade clave, cada acción formativa debe responder a unha demanda real, cun compromiso previo acreditado polas entidades formativas dun mínimo do 30 % do alumnado. Ademais, poderán

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impartirse graos B (200-300 h) e C (600-1.000 h), e por primeira vez microformacións de grao A (30-40 h), o que abre un novo escenario máis amplo, dinámico e adaptado aos perfís diversos e ás necesidades reais do mercado.

Para as empresas, implica apostar por un modelo onde a formación vai parella á realidade produtiva. Así, cando demanden unha necesidade concreta de capacitación, poderán canalizala a través dos centros acreditados, garantindo unha resposta áxil. Ademais, nos programas de grao C, introdúcese de forma obrigatoria a formación dual, que require que polo menos o 25 % das horas se desenvolvan en contornas reais de traballo, reforzando a utilidade práctica da aprendizaxe. As oficinas de emprego tamén reforzan o seu papel estratéxico neste modelo, asumindo funcións clave na identificación de necesidades formativas por sectores e territorios, así como na definición de contidos e na derivación de persoas candidatas —coa obriga de asistencia no contexto do seu itinerario consensuado de empregabilidade—.

Cómpre sinalar que neste ecosistema a colaboración entre clústeres, empresas e entidades formativas se converte nun pilar fundamental. Os centros verán reforzadas as súas capacidades para captar alumnado grazas á existencia dunha demanda real e contrastada no territorio. Por exemplo, se unha empresa necesita soldadores, poderá contactar cun centro e solicitar un curso de grao A, B ou C. A entidade poderá organizar a acción formativa con garantía de que existe un nicho de empregabilidade, favorecendo unha oferta máis eficaz e orientada á inserción laboral.

Detalles da convocatoria

A orde publicarase este mércores no DOG e poderá solicitarse ata o 30 de novembro de 2025. Conta cun orzamento de 50 M€, procedente de fondos finalistas do Estado, repartido en dúas anualidades: 30 M€ en 2025 e 20 M€ en 2026, para financiar accións que se inicien este ano e poidan prolongarse no seguinte. Co obxectivo de desestacionalizar a oferta e dar carácter anual á convocatoria no futuro, esta orde é de transición e completarse en 2026 cunha específica que estará aberta desde comezos de ano e durante boa parte do exercicio.

Poderán ser beneficiarias as entidades e os centros de formación acreditados para impartir as ofertas formativas do sistema de formación profesional dos graos A, B e C e prevense anticipos de ata o 60 % para garantir a súa solvencia. Os cursos diríxense preferentemente a persoas desempregadas, aínda que se permite a participación de ocupadas ata un 30 % das prazas, sempre que non se cubran con persoas sen traballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REAFIRMA O SEU APOIO AOS CONSELLOS REGULADORES DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DE CALIDADE DE GALICIA CON 540.000 € PARA PROMOVER O SEU LABOR

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a concesión de axudas para 25 entidades que xestionan as indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas da nosa Comunidade
- Os consellos reguladores recibirán entre 5.000 e máis de 46.000 euros cada un para cubrir todo tipo de gastos de carácter corrente vinculados coa súa actividade co obxectivo de facilitar o seu labor ao longo de todo o ano
- Este sector resulta de especial importancia para a economía e o prestixio de Galicia tanto dentro como fóra do territorio autonómico

O Consello da Xunta autorizou hoxe as axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores de indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas que cada ano achega a Consellería do Medio Rural para contribuír ao seu traballo diario. Neste exercicio, o orzamento é de 540.000 euros, que se distribuirán entre 25 entidades.

Nesta liña, tívose en conta a capacidade de autofinanciamento, o peso dos custos de persoal fronte ao total e a dispersión xeográfica. Así, as entidades recibirán entre 5.000 e máis de 46.000 euros cada unha para cubrir todo tipo de gastos de carácter corrente vinculados coa súa actividade co obxectivo de facilitar o seu labor ao longo de todo o ano.

En concreto, son subvencionables os custos de persoal e gastos correntes realizados directamente polos consellos reguladores derivados da súa actividade, como son o alugamento de locais, bens funxibles, electricidade, telefonía, auga, gas, envíos e mensaxaría, pólizas de seguros, gastos de desprazamento, manutención, aloxamento, entre outros.

A través destas axudas, a Xunta promove o labor e contribúe ao funcionamento destas entidades, clave no fomento e na promoción da produción e do control dos alimentos de calidade. Cómpre destacar a relevancia destas subvencións para os consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

En total, Galicia conta con 35 DOP e IXP agroalimentarias, ás cales se lle suman os distintivos de Agricultura Ecolóxica de Galicia, de Artesanía Alimentaria e Mexillón de Galicia, o que a sitúa como a terceira comunidade de España con maior número deste tipo de distintivos. En total, 26 consellos reguladores xestionan 29 desas DOP e IXP (algún deles xestiona máis dunha) e realizan funcións de promoción no mercado e as necesarias para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados. O resto dispoñen de asociacións para a defensa dos intereses sectoriais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, cómpre salientar que o sector agroalimentario dos produtos galegos de calidade é fundamental tanto dende o punto de vista económico como social. Por iso, a Xunta de Galicia, a través deste apoio e doutras liñas de subvención, axuda e potencia estas producións polo seu papel como referentes dentro do eido agroalimentario galego e pola súa contribución como dinamizador socioeconómico para o medio rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ULTIMA O LANZAMENTO DO BONO PEIXE QUE ESTARÁ DISPOÑIBLE A PARTIR DO VINDEIRO 28 DE XULLO PARA A SÚA DESCARGA

- Resalta que o obxectivo é “incentivar o consumo” do peixe e marisco fresco galego, produtos que son sinónimo “de excelencia e calidade” por todo o mundo
- A iniciativa conta cun orzamento de 2,5 M€ e ofrecerá descontos de ata 50 € por Bono para mercar nos comercios adheridos
- Poderán usarse 5 € cada semana ou acumular o que non se gaste ata un máximo de 25 euros sempre e cando non se esgote o crédito total
- A comunidade conta con máis de 1.600 comercios de distribución retalista de peixe e mariscos que poderán participar nesta acción
- A previsión é que 150.000 persoas se poidan beneficiar dos descontos e xerar un impacto de polo menos 10 millóns de euros
- A conselleira do Mar resalta esta medida “pioneira” para apoiar a un “sector estratéxico” como a cadea mar-industria, fomentar “a dieta atlántica” e poñer en valor “a despensa das rías galegas”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou esta mañá de que o Consello “aprobou a orde para a posta en marcha do Bono Peixe” que ofrecerá “ata 50 €” para mercar peixe e marisco frescos nos establecementos da comunidade adheridos.

Unha medida coa que o Goberno autonómico busca “incentivar o consumo” destes produtos galegos que son sinónimo “de excelencia e calidade” por todo o mundo e “facer unha chamada atención” sobre o descenso destes alimentos na dieta que se está a vivir “a nivel nacional, europeo e mundial e do que Galicia non é allea”. Nesta liña, a conselleira do Mar, Marta Villaverde, salientou a importancia de reforzar “a dieta atlántica” e poñer en valor “a despensa que temos nas rías galegas” que son un dos máximos expoñentes de esa “Galicia Calidade”.

Tras o acordo do Consello, e unha vez que xa foi seleccionada a entidade colaboradora o pasado mes de xuño, dáse inicio á última fase da tramitación desta medida pioneira, que busca reforzar a actividade da cadea mar-industria na súa condición de sector estratéxico para a Comunidade. “Concentra o 5% do PIB e xera 50.000 empregos directos”, salientou a conselleira.

Para a posta en marcha desta medida, tal e como explicou Rueda, o Goberno galego mobiliza “2,5 millóns de euros” que permitirán a distribución de bonos por valor de 50 euros que se irán liberando progresivamente a razón de 5 euros por semana -con descontos do 25% da compra ata un máximo de 5 euros-, acumulando o importe non gastado nas sucesivas semanas ata un máximo de 25 euros, que poderán gastarse ao longo dun total de 10 semanas ou ata que se esgote o crédito.

Nun contexto de progresivo descenso da presenza dos produtos pesqueiros na cesta da compra da cidadanía, esta acción impulsada pola Xunta tamén procura promover

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

hábitos de consumo saudables, dadas as calidades nutritivas destes alimentos e os seus beneficios para a saúde. Ademais, servirá para apoiar a actividade dos operadores comerciais retalistas que xogan un papel esencial para garantir a seguridade alimentaria dos consumidores.

A previsión é que a orde sexa publicada no *Diario Oficial de Galicia* o vindeiro 10 de xullo, abríndose o día seguinte o prazo para solicitar a adhesión por parte dos establecementos, máis de 1.600 na Comunidade, ata que finalice o período de vixencia do bono. Só poderán participar aqueles que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, ben como persoas autónomas ou establecementos autorizados, dados de alta nas epígrafes do IAE recollidas na convocatoria e dados de alta no Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios (Regasa). Esta medida xa espertou o interese das principais cadeas de distribución e venda de peixe e marisco.

A estimación é que esta iniciativa alcance a un mínimo de 50.000 potenciais usuarios ata un máximo de 500.000, cunha estimación de 150.000 beneficiarios reais, dadas as experiencias anteriores con medidas análogas en que non se utiliza a totalidade do importe do bono. Así, agárdase a xeración dun impacto económico de, polo menos, 10 millóns de euros. A conselleira do Mar resaltou que “os bonos poderanse descargar a partir do 28 de xullo” desde a plataforma www.bonopeixe.gal ou na app móbil, dispoñible tanto para dispositivos con Android e iOS, deseñada especificamente para esta acción.

Referentes na promoción

Galicia afonda así na súa posición como referente no desenvolvemento de accións de promoción do consumo de peixe e marisco con outras iniciativas exitosas como a campaña *Galicia sabe amar*. Unha liña de traballo que se está a realizar da man do propio sector e que sitúa Galicia como segunda comunidade que rexistra maior consumo con 23 quilos per cápita, 5 quilos por enriba da media do conxunto de España.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA AVALIOU MÁIS DE 440 EXPEDIENTES DURANTE 2024, DOS QUE 285 FORON SOLITICADOS POLA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA

O Consello Consultivo de Galicia elevou ao Consello da Xunta de Galicia a súa *Memoria 2024*, en cumprimento do artigo 15 da Lei 3/2014, do 24 de abril. A publicación, onde se recolle a intensa actividade xurídica, institucional e divulgativa desenvolvida ao longo do pasado ano, foi aprobada por unanimidade polo Pleno do Consello Consultivo de Galicia na sesión do 25 de xuño.

A dita memoria do ano 2024 recolle, entre outras cousas, a composición e os medios (persoal e orzamento) con que conta o organismo para o desenvolvemento da súa actividade e a actividade consultiva, presentando os datos estatísticos relativos aos ditames solicitados, 442 expedientes no ano 2024 (285 da Comunidade Autónoma, 149 da Administración local, 5 da Administración universitaria, 3 de entes públicos)

Así mesmo a memoria refírese á actividade non consultiva, ao resumo dos datos da actividade desenvolvida nos 28 anos de funcionamento do Consello Consultivo (1996-2024), relativos aos expedientes ditaminados e unha epígrafe con observacións e suxestións, na cal tamén se recollen os ditames máis salientables, que pola súa repercusión social ou importancia xurídica, se estima que deben ser de xeral coñecemento para as administracións públicas e os operadores xurídicos.

Así, desde a suxestión respecto da regulación do prazo para acordar a resolución dos contratos públicos, pasando pola doutrina da Sección de Estudos e Informes, incluídas as observacións sobre a elaboración de proxectos normativos, ata precisións e recomendacións sobre aspectos formais e substanciais do procedemento administrativo en materias competencia do Consello, así como dous recursos de inconstitucionalidade, convenios de colaboración, recurso extraordinario de revisión, revisións de oficio, contratación administrativa e responsabilidade patrimonial.

A memoria pretende reflectir o que foi un ano de intensa actividade do Consello Consultivo de Galicia, na súa tarefa de velar pola observancia da Constitución, do Estatuto de autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A XUNTA INTENSIFICA ESTE VERÁN AS OBRAS DE MELLORA NOS CENTROS ESCOLARES CON MÁIS DE 300 ACTUACIÓNS E UN INVESTIMENTO DE 106 M€

- Sinala que se avanzará na execución en distintas fases de 83 grandes intervencións, que inclúen ampliacións de colexios e institutos e rehabilitacións integrais
- Aproveitaranse as vacacións do alumnado para realizar 227 obras de menor tamaño como pintura, reparacións, instalación eléctrica, baños, cocinas, patios...
- As actuacións abranguen centros tanto de zonas urbanas como rurais e de todas as etapas educativas, desde Infantil ata Formación Profesional

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno autonómico vai destinar 106 millóns de euros este verán a realizar máis de 300 obras en centros escolares de toda a comunidade, o que significa que haberá traballos de mellora en un de cada cinco centros públicos de Galicia.

O informe analizado hoxe no Consello sobre as actuacións que se van desenvolver no período estival establece que haberá tanto grandes intervencións como outras obras de mediana e pequena envergadura "tamén necesarias". A intención, segundo destacou o titular do Goberno galego, é "ter a punto os centros de cara ao vindeiro curso".

Na epígrafe das obras de "gran envergadura", a cifra elévase a 83 obras cun investimento de máis de 103 M€. Tal e como apuntou Rueda, as obras serán de ampliación, rehabilitación ou cambio de cuberta tanto en centros das cidades como de zonas rurais que abranguen distintas etapas educativas, desde as escolas infantís ata a formación profesional, así como os niveis obrigatorios. Delas, 31 correspóndense coa provincia da Coruña (42,9M€), 12 na de Lugo (7,1 M€), oito na de Ourense (4,7 M€) e 32 coa de Pontevedra (48,6 M€).

En concreto, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ten en execución neste momento 34 grandes intervencións, cun importe de 42,6 M€. Todas elas continuarán desenvolvéndose ao longo dos próximos meses, axilizando os traballos para realizar o groso dos mesmos aproveitando que non hai clases nos centros de ensino. Por provincias, na da Coruña estanse a executar 13 obras por máis 15,3 M€, na de Lugo tres por case 4,4 M€, na de Ourense catro por 4 M€ e na de Pontevedra 14 por 18,9 M€.

Neste punto inclúense ata 11 obras de ampliación por necesidades de escolarización e oferta educativa, entre as que destacan as do Instituto Plurilingüe Aquis Celenis (Caldas de Reis, 5,4 M€), Centro Integrado de FP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa, 3,7 M€), Centro Público Integrado As Mirandas (Ares, 3,1 M€), Instituto Eduardo Pondal (Santiago de Compostela, 3 M€), Instituto Manuel Chamoso Lamas (O Carballiño, 2,4 M€), Instituto de Pastoriza (Arteixo, 2,1 M€) e do Instituto Pedro Florianí (Redondela, 1,9 M€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Confort de alumnado e profesorado

Así mesmo, están en execución cinco rehabilitacións integrais, as máis relevantes as do Instituto Lucus Augusti (Lugo, 3,3 M€), Instituto Plurilingüe Rafael Dieste (A Coruña, 1,7M€) e Colexio Pérez Viondi (A Estrada, 1 M€). Tamén continúan os cambios de cuberta dos centros integrados de FP Valentín Paz Andrade e Manuel Antonio (Vigo, 1,9 M€ 1,5M€) e as melloras sectoriais do Instituto Salvador de Madariaga (A Coruña, 1,7 M€). Son unha tipoloxía de obras que combinan numerosas medidas e que, por conseguinte, redundan nunha mellora do confort tanto por parte do alumnado como do profesorado.

Neste apartado de intervencións de gran calado, o departamento educativo da Xunta de Galicia ten previsto iniciar os traballos, adxudicar ou licitar outras 49 actuacións ao longo do verán, por un importe de 60,7 M€. Son 18 na provincia da Coruña (27,6 M€), nove na de Lugo (2,7 M€), catro na de Ourense (700.000 €) e 18 na de Pontevedra (29,7 M€).

Inicio de novas actuacións

Na maior parte destas intervencións xa están a piques de comezar as obras ou moi próximas á adxudicación. Neste caso cómpre salientar a construción do novo Colexio do Milladoiro (Ames, 12,1 M€), as rehabilitacións integrais do Instituto Alfredo Brañas (Carballo, 1,7 M€), Colexio Pedro Barrié de la Maza (Sada, 1, 6M€), Colexio Plurilingüe Barrié de la Maza (Santa Comba, 1,3 M€) e Instituto Manuel Murguía (Arteixo, 1,3 M€), así como a reforma do almacén para equipamentos que a Consellería ten na Estrada (1,5 M€).

Entre as actuacións que se licitarán nos próximos meses destaca a construción do novo IES Domingo Villar, en Navia (Vigo, 19 M€), autorizada precisamente no Consello da Xunta celebrado hoxe. Licitarase, asemade, a ampliación do Colexio Rosalía de Castro (O Grove, 1,7 M€), así como as rehabilitacións integrais do Centro Integrado de FP Ánxel Casal-Monte Alto (A Coruña 2,4 M€) e Instituto Xelmírez II (Santiago de Compostela, 1,8 M€).

Tamén está prevista a reforma do pavillón do Colexio Veleiro-Docampo (Castro de Rei, 490.000 €), o peche perimetral do Colexio Gregorio Sanz (Ribadeo, 327.000 €) e a mellora da instalación eléctrica do Centro Integrado de FP Carlos Oroza (Pontevedra, 184.000 €).

Plan Ben_estar 2025

Xunto ás grandes obras, cuxo prazo de execución excede pola dimensión os meses de verán pero que se intensifican nesta época estival, están tamén as actuacións de mediana e pequena envergadura, moi necesarias para o funcionamento do día a día dos centros e moi apreciadas pola comunidade escolar. Nese caso, as obras agrúpanse a través do denominado Plan de benestar e accesibilidade na escola, Ben_estar 2025.

Neste caso, a Consellería de Educación "ten previsto un paquete de 227 obras en 194 centros por case 3,2 M€. Isto inclúe reparacións varias, traballos de pintura, pequenas reformas da instalación eléctrica, de fontanería, saneamento e baños ou calefacción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén melloras en patios, cambios puntuais de fiestras, portas ou lucernarios, renovación de equipamento de cociña ou adaptación de espazos, entre outros.

Segundo detallou o presidente, na provincia de Coruña están previstas un cento de actuacións cun importe de case 1,2 M€, na de Lugo 48 obras por preto de 710.000 €, en Ourense 52 intervencións cun orzamento de case 530.000 € e en Pontevedra 27 melloras cun custo de 765.000 €.

Galicia		
	Actuacións	Importe
Grandes obras en marcha	83	103.363.185
Ben_estar verán 2025	227	3.165.713
	310	106.528.898
A coruña		
	Actuacións	Importe
Grandes obras en marcha	31	42.899.716,28
Ben_estar verán 2025	100	1.164.781,63
	131	44.064.498
Lugo		
	Actuacións	Importe
Grandes obras en marcha	12	7.121.186
Ben_estar verán 2025	48	707.385
	60	7.828.571
Ourense		
	Actuacións	Importe
Grandes obras en marcha	8	4.738.821
Ben_estar verán 2025	52	528.815
	60	5.267.636
Pontevedra		
	Actuacións	Importe
Grandes obras en marcha	32	48.603.462
Ben_estar verán 2025	27	764.731
	59	49.368.193

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APLICARÁ NAS NÓMINAS DE XULLO E DE AGOSTO A ACTUALIZACIÓN DOS SALARIOS DAS PERSOAS EMPREGADAS PÚBLICAS

- O Goberno galego fará efectiva a suba do 0,5% ligada á inflación, despois de que o Goberno central se demorase seis meses en autorizalo
- Estas actualizacións suporán un pago adicional de 393 € no salario do persoal da Administración autonómica

A Xunta aplicará nos meses de xullo e agosto a actualización dos salarios das persoas empregadas públicas; na primeira nómina recibírase a actualización do presente ano, en tanto que na segunda se percibirán os atrasos correspondentes a 2024. O Goberno galego aplica a suba do 0,5% para compensar os efectos da inflación na próxima nómina aos funcionarios, despois de que o Goberno central se demorase seis meses en autorizalo.

Estas actualizacións aplicaranse con efectos do 1 de xaneiro de 2024 e suporán un pago adicional de 393 € no salario dos empregados públicos autonómicos correspondente aos anos 2024 e 2025. A medida terá un custo de 53 millóns de euros para as arcas autonómicas.

A situación económica e social xerada polos conflitos de Ucraína e Oriente Próximo e a consecuente crise enerxética motivou un aumento do coste de vida polo impacto da inflación, o que provocou a posta en marcha de medidas para intentar paliar os efectos no poder adquisitivo dos empregados e empregadas públicos.

A lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 contempla previsións tanto orzamentarias como de criterios automáticos de aplicación, polo que o Goberno galego xa tiña previstas estas cantidades, aínda que non as podía facer efectivas ata que o habilitase o acordo do Consello de Ministros que finalmente se firmou o pasado martes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CERCA DO 90% DAS COMUNICACIÓNS DA CIDADANÍA COA XUNTA FANSE XA POLA VÍA DIXITAL

- O Consello recibe un informe sobre os avances en 2024 no proceso de transformación dixital da sociedade, a Administración e os servizos públicos
- Máis do 70% da poboación maior de idade conta co sistema de identificación con Chave 365
- Catro de cada cinco autoliquidacións de impostos autonómicos fanse a través da canle dixital da ATRIGA
- A práctica totalidade dos centros residenciais de maiores da Xunta contan con sistemas electrónicos de control da actividade, confort e seguridade das persoas residentes
- Todas as confrarías usan xa as ferramentas tecnolóxicas da Xunta para a xestión ou venda do peixe
- Máis do 84% das renovacións de demanda de emprego realízanse de xeito telemático
- As persoas de máis de 75 anos que empregan internet son hoxe máis do dobre que en 2019

Galicia experimentou nos últimos anos un salto cualitativo e cuantitativo cara á universalización da Administración electrónica e os servizos públicos dixitais, que hoxe están dispoñibles para a práctica totalidade da cidadanía. En 2024, o 86,23% das entradas no sistema de rexistro da Xunta foron a través da sede electrónica, e o 84,8% das autoliquidacións de impostos da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) realizáronse a través da canle dixital.

O Consello de Goberno da Xunta recibiu hoxe un informe da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia sobre os principais avances rexistrados en 2024. Os datos confirman que Galicia dispón dunha administración e uns servizos completamente dixitalizados e actualizados de acordo cos avances das tecnoloxías.

Poboación conectada e mellora na telefonía rural

O informe destaca que en 2024, o 95,1% dos fogares galegos tiña contratada a conexión a internet. Ademais, a Xunta mantivo a iniciativa para dotar con telefonía móbil con voz e datos a poboacións que se atopan en zonas rurais e illadas. Trátase dunha medida excepcional para a que a Xunta tivo que solicitar unha autorización da Comisión Europea, que complementa a responsabilidade do Estado, que é o que ten a competencia nesta materia e o compromiso de dotar deste servizo a toda a poboación. En concreto, en 2024, a Xunta instalou 22 novas torres, que se sumaron ás 37 que xa se instalaran con anterioridade. Deste xeito, dáse servizo a 166 poboacións rurais que non dispoñían deste servizo.

Administración plenamente dixital

No que respecta á Administración electrónica, en 2024 habilitáronse 651 novos procedementos e convocatorias que puideron realizarse en liña. Tamén se avanzou na dotación de funcionalidades á aplicación XuntaEU, que permite facer trámites e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consultas dende os teléfonos móbiles. Entre estas novas utilidades atópase a ampliación ata 16 dos certificados e carnés que se poden consultar e presentar dende estes dispositivos. A aplicación permite mostrar directamente carnés como o de familia numerosa, de bibliotecas, de pesca deportiva ou o carné Xove, así como acceder a certificados como os de estar habilitado para facer instalacións térmicas en edificios ou para manexar guindastres.

Tamén se puxeron en marcha 6 novos servizos proactivos, que evitan que as persoas teñan que estar pendentes de trámites, como é o sistema de renovación automática de licencias de caza e pesca fluvial.

En 2024, case nove de cada dez comunicacións referentes ás listas para a cobertura temporal de postos de traballo na Xunta e nos servizos públicos autonómicos fixéronse por vía electrónica.

Universalización dos servizos públicos dixitais

Consolidouse tamén a universalización da dixitalización da Xustiza, na que o 100% das salas de vistas dispoñen xa de dotación dixital. En 2024 houbo máis de 20.000 presentacións na Sede Electrónica Xudicial, o que representa cinco veces máis que en 2021. As sete cidades de Galicia dispoñen xa de Oficinas de Atención as Vítimas do Delito, que xestionaron máis de 1.100 expedientes.

En 2024 destináronse 24,6 millóns de euros a avanzar e consolidar a universalización da dixitalización do sistema educativo público de Galicia, que practicamente ten completada a dixitalización das aulas entre 1º de primaria e 2º de Bacharelato, na Formación Profesional e ensinanza de réxime especial.

Foi tamén significativo o avance no uso das ferramentas dixitais na atención a persoas maiores ou con discapacidade. Xestionáronse máis de 25.000 informes de dependencia a través do sistema de Historia Social Única Electrónica, catro veces máis que en 2020. Os sistema de monitorización de actividade, confort e seguridade das persoas residentes está implantado xa en 26 dos 28 centros previstos, e 23 residencias contan xa co novo modelo tecnolóxico de comunicación co persoal de enfermería.

Por outra banda, máis do 84% das renovacións de demanda de emprego realízanse xa de forma telemática e, en 2024, integrouse o sistema de intermediación laboral (SICAS) coa ferramenta Emprego Intelixente (EMI) de información e de apoio na toma de decisión con aplicación de intelixencia artificial.

Avanzouse tamén na protección dos sistemas usados polas administracións autonómica e locais fronte aos ataques de cibercriminosos. En 2024, as plataformas de seguridade perimetral da Xunta bloquearon 237 millóns de intentos de intrusión. No ámbito das entidades locais procesáronse 7.600 eventos de seguridade por segundo. En 2024 comezaron as obras de construción do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia no Parque Tecnópole de Ourense.

Outro fito importante de 2024 foi a universalización da ferramenta de apoio na xestión das confrarías galegas, da que se benefician 10.455 membros do 100% dos pósitos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, avanzouse a implantación das lonxas electrónicas, que en 2024 comercializaron 18.000 toneladas de peixe. En 2025 completárase a dotación ao 100% das lonxas de Galicia.

O proceso de transformación dixital permitiu tamén mellorar os sistemas de loita contra os incendios, coa aplicación de modelos de aprendizaxe automática para a detección dos lumes; xestionar o patrimonio natural; mellorar a xestión urbanística cun novo portal de ordenación do territorio; iniciar con proxecto piloto a implantación do sistema de pago con móbil no transporte público; consolidar o sistema de intelixencia turística; ou poñer en marcha o novo modelo de consulta intelixente do patrimonio cultural co modelo Galiciana Semántica.

Cidadanía capacitada e rexión especializada en tecnoloxía

No que se refire á capacitación dixital da cidadanía, destaca o incremento do uso de internet por parte de persoas de máis de 75 anos, que en 2019 era do 17,9% e en 2024 foi do 40,4%. En 2024 convocáronse as primeiras prazas para a obtención da nova Certificación Galega en Competencias Dixitais (COMDIX) para a cidadanía, e realizáronse os 2.600 primeiros exames. No ámbito da educación emitíronse 21.000 certificados.

En canto á consolidación do ecosistema dixital e a especialización de Galicia en tecnoloxías destacou a redacción e aprobación da primeira lei sobre o uso e a promoción da intelixencia artificial que se adopta no ámbito rexional europeo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á EXECUCIÓN DA URBANIZACIÓN PARA UNHA ÁREA DE SERVIZO E SENDOS APARCADOIROS PARA VEHÍCULOS E CAMIÓNNS NA AUTOESTRADA AG-53, EN MASIDE, CUN INVESTIMENTO DE 3,6 M€

- Trátase de darlle o pulo definitivo á dotación dunha área de servizo na AG-53, no punto quilométrico 80+465, con acceso directo en sentido Santiago de Compostela e conexión mediante un paso a distinto nivel en sentido Ourense
- A funcionalidade desta intervención, en fase de contratación, será tripla, ao incluírse a previsión para unha área de servizo, con subministración de combustible e zona de espaxamento; aparcadoiro disuasorio tipo *carpooling* e aparcamento seguro para camións
- En total, promóvese a conformación dun aparcadoiro con 84 prazas de aparcamento nunha primeira fase, coa previsión de ampliación de ata 132 prazas
- O obxecto da Xunta é adxudicar e poder iniciar estas obras no último trimestre deste mesmo ano.
- As empresas teñen ata o vindeiro día 22 de xullo para presentar as súas ofertas

O Consello da Xunta tomou hoxe razón do informe da licitación da obra de urbanización dun aparcadoiro disuasorio na autoestrada Dozón- Ourense (AG-53), á altura do concello de Maside, que inclúe a previsión para unha área de servizo e aparcamento seguro para camións nesta vía autonómica libre de peaxe, que suporá un investimento que supera os 3,6 M€.

Tratase de darlle o pulo definitivo á dotación dunha área de servizo na AG-53, no punto quilométrico 80+465, con acceso directo en sentido Santiago de Compostela e conexión mediante un paso a distinto nivel en sentido Ourense.

A funcionalidade desta intervención, en fase de contratación, será tripla, ao incluírse na mesma a área de servizo, con subministración de combustible e zona de espaxamento; aparcadoiro disuasorio tipo *carpooling* e aparcamento seguro para camións.

O proxecto

O proxecto contempla a execución dos accesos á área de servizo, completando os ramais existentes e realizando as novas vías que resulten necesarias, así como o movemento de terras en toda a parcela dispoñible, tanto para os aparcadoiros para vehículos lixeiros e para vehículos pesados así como para a implantación dunha estación de servizo, (cuxo contrato de licitación de concesión realizarase ao longo do ano 2026).

Unha vez executados os accesos e o movemento de terras, procederase á urbanización da parcela e dos propios aparcamentos, nunha superficie de 14.900 m², e realizarase a restauración ambiental de toda a superficie que forma o dominio público nesta zona, incluída a que non ocuparán directamente as obras.

Ademais, baixo este contrato, promóvese a conformación dun aparcadoiro con 84 prazas de aparcamento nunha primeira fase, e previsión de ampliación ata 132 prazas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, o contrato licitado inclúe 54 prazas para vehículos lixeiros, quedando previstas 40 prazas adicionais planificadas e coa explanada xa executada, para un total de 94. En 3 prazas realizarase preinstalación para unha futura recarga do vehículo eléctrico.

Así mesmo, se propón o desenvolvemento de 28 aparcamentos para vehículos pesados, quedando previstas oito prazas adicionais planificadas e coa explanada xa executada, para un total de 36).

E tamén se inclúen dúas prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida.


Na intervención prevista inclúea a Implantación de alumeado público e vídeo vixilancia, tanto nos accesos como nos aparcadoiros, así como o axardinamento de toda a parcela pública non pavimentada, establecendo tanto arboredo como vexetación rastreira. Tamén se realizará o peche exterior de toda a zona de dominio público, así como a adaptación do camiño de servizo actualmente existente na contorna da futura estación de servizo.

As empresas interesadas neste contrato, teñen de prazo ata o vindeiro día 22 de xullo para presentar as súas ofertas.

O obxecto da Xunta de Galicia é adxudicar e poder iniciar estas obras no último trimestre deste mesmo ano.

Imaxe de planta xeral de accesos e área de servizo:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Á esquerda, as prazas para vehículos lixeiros. Á dereita, as prazas para vehículos pesados. No centro, o espazo reservado para a futura estación de servizo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE PRETO DE 1,3 M€ PARA CREAR UN MODELO DE ATENCIÓN PERSONALIZADA EN REDE CON TODO O SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE QUE EVITARÁ DESPRAZAMENTOS A PACIENTES PEDIÁTRICOS CON ENFERMIDADES RARAS

- Galicia participa no proxecto Únicas, que permitirá crear unha rede de nodos autonómicos para que todos os pacientes pediátricos con enfermidades raras teñan acceso aos profesionais do centro de referencia da súa patoloxía
- Esta medida enmárcase na Estratexia Galega en Enfermidades Raras 2025-2030, aprobada hoxe polo Consello da Xunta para potenciar a accesibilidade á rehabilitación e a novos tratamentos
- Melloraranse os tempos ata o diagnóstico e gañarase en equidade asistencial, cunha diminución do impacto que teñen as visitas médicas fóra de Galicia para pacientes e familias
- A Consellería de Sanidade habilitará unha canle en Sergas Móbil na que o paciente, un familiar ou coidador dispoña da súa historia clínica completa, independentemente da comunidade na que foi atendido
- Para o persoal sanitario, a aplicación IANUS 5 facilitará a información completa do paciente aínda que non estea almacenada polo Servizo Galego de Saúde
- Grazas ao programa de cribado neonatal galego, o máis completo de España, as enfermidades raras máis detectadas de forma precoz son a fibrose cística, a fenilcetonuria e hipotiroidismo conxénito
- Na infancia tamén se diagnostican a hemofilia A e cardiopatías conxénitas
- O Rexistro de pacientes con enfermidades raras do Servizo Galego de Saúde conta con 1.329 casos de menores de 16 anos

O Goberno galego licitará, por 1.290.634,40 euros, os servizos que permitirán crear un modelo de atención personalizada en rede con todo o Sistema nacional de saúde, denominado proxecto Únicas, que evitará desprazamentos a pacientes pediátricos con enfermidades raras aos centros de referencia da súa patoloxía específica.

O Consello da Xunta abordou esta mañá o informe da Consellería de Sanidade sobre a posta en marcha do nodo autonómico e o desenvolvemento de interfaces de integración coas aplicacións corporativas do Servizo Galego de Saúde.

Esta medida enmárcase na Estratexia galega en enfermidades raras 2025-2030, aprobada hoxe polo Consello da Xunta, co obxectivo de potenciar a accesibilidade á rehabilitación e a novos tratamentos.

Galicia é unha das comunidades participantes no programa de Atención dixital personalizada, que inclúe o proxecto Únicas. Esta iniciativa céntrase en ofrecer servizos personalizados a pacientes de enfermidades raras pediátricas e ás súas familias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A finalidade da plataforma Únicas é que todos os pacientes con enfermidades raras teñan as mesmas oportunidades de atención e tratamento, vivan na comunidade na que vivan.

Desde calquera nodo da rede Únicas, incluído o galego, posibilitarase a atención a estes pacientes cunha asistencia equivalente á dun centro de referencia da súa patoloxía. Polo tanto, non terán a necesidade de desprazarse, excepto en casos de necesitar terapias intervencionistas.

A estratexia nacional baséase en crear unha rede de nodos e dotalos de ferramentas, procesos e protocolos comúns para establecer un modelo de atención personalizada en rede.

Entre os servizos que contratará a Consellería de Sanidade está a definición das interfaces requiridas para facer interoperable o nodo autonómico cos sistemas de información do Servizo Galego de Saúde, como son a aplicación persoal Sergas Móbil, a carpeta É-Saúde e a historia clínica electrónica IANUS 5.

A plataforma resultante permitirá crear a canle Únicas en Sergas Móbil e en É-Saúde para que pacientes, os seus familiares ou a persoa que se encargue do seu coidado dispoña do expediente completo do seu proceso asistencial, independentemente de que centro de referencia estatal se encargara do seu caso.

Ademais, con Únicas 360, os profesionais do Servizo Galego de Saúde terán en IANUS 5 unha visión integral de cada paciente, podendo obter toda información relacionada coa súa historia clínica, independentemente de onde se atope almacenada xeograficamente.

Desta forma, evitanse desprazamentos que non sexan estritamente necesarios para os pacientes e isto contribuirá a mellorar os tempos ata o diagnóstico.

Este proxecto está financiado pola Unión Europea, a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Diagnóstico precoz na infancia

Galicia ocupa unha posición de vangarda a nivel nacional no que atinxe á detección temperá deste tipo de doenzas. O Programa galego de cribado neonatal permite detectar 37 metabolopatías conxénitas primarias, o maior número dos sistemas sanitarios autonómicos.

Grazas á coñecida como proba do talón que se lle realiza aos bebés nos primeiros días de vida, poden detectarse patoloxías consideradas raras, como o hipotiroidismo conxénito, a fenilcetonuria ou a fibrose cística, as maioritarias, con 116, 101 e 88 casos en 2024, respectivamente.

Á marxe do cribado, as enfermidades raras máis prevalentes en menores de 16 anos son diversos tipos de cardiopatías conxénitas (tetraloxía de Fallot -76 casos- e comunicación

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

interauricular -43-), a cistinuria (61) e a hemofilia A (57), segundo recolle o Rexistro de Pacientes con Enfermidades Raras do Servizo Galego de Saúde a peche de 2024.

En total, en Galicia rexistráronse o ano pasado 5.217 pacientes con enfermidades consideradas raras. Deles, o 25,47 % corresponde á idade pediátrica con 1.329 casos.

A Unión Europea define como enfermidade rara, minoritaria ou pouco frecuente aquela que, con perigo de morte ou invalidez crónica, ten unha prevalencia menor de 5 casos por cada 10.000 habitantes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA OS PROGRAMAS INVESTIGO E PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL CON 1,2 M€ ADICIONAIS PARA SEGUIR INCENTIVANDO O EMPREGO XUVENIL NAS EMPRESAS

- O Consello acordou a redistribución de arredor de 738.000 euros ás pemes no marco da convocatoria Investigo e a ampliación do crédito de Primeira Experiencia Profesional en 468.000 euros, co obxectivo de atender o maior número de solicitudes
- Este impulso permitirá fomentar a contratación de arredor de 70 mozos e mozas máis, que se engadirán ás previsións iniciais de ambas convocatorias, promovendo a inserción laboral de 850 persoas ao longo do ano
- No caso do programa Investigo (4,8 M€) abrírase un novo prazo de solicitudes a partir da súa publicación mañá no DOG, co obxectivo impulsar a contratación de mozos e mozas como investigadores, tecnólogos, persoal técnico e outros perfís de I+D+i
- A ampliación orzamentaria de Primeira Experiencia ata os 6,7 M€ busca maximizar o seu impacto e permanece aberta ata o 30 de setembro de 2025, incentivando a formalización de contratos formativos a menores de 30 anos
- Ambas medidas súmase a outras do Goberno galego para fomentar o emprego xuvenil como o Galicia Emprega Moz@s (3,5 M€) e enmárcanse na futura Estratexia transversal Mocidade Activa, cun orzamento de 20 M€ no relativo a Emprego

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o balance de dúas das principais liñas de axudas destinadas a fomentar a contratación de persoas mozas en 2025 —os programas Investigo e Primeira Experiencia Profesional— e acordou novas medidas para incrementar o seu impacto a prol deste colectivo prioritario. En concreto, redistribuíranse arredor de 738.000 euros adicionais ás pemes no marco do Investigo e ampliárase en máis de 468.000 euros o crédito da orde Primeira Experiencia Profesional, co obxectivo de atender o maior número posible de solicitudes posible e contribuír á retención do talento da mocidade en Galicia, ao tempo que se atenden as demandas do tecido empresarial.

Este impulso permitirá fomentar a contratación duns 70 mozos e mozas máis, que se engadirán ás previsións iniciais das dúas convocatorias. En total, os dous programas promoverán a inserción laboral de preto de 850 persoas ao longo de 2025, contribuíndo así a consolidar a boa evolución que rexistran os últimos datos de paro, nos que se constata que o número de menores de 30 anos en situación de desemprego descendeu máis dun 8 % no último ano, situándose na cifra máis baixa de toda a serie histórica.

Programa Investigo

O programa Investigo, dotado con máis de 4,8 M€, ten como obxectivo impulsar a contratación de mozos e mozas como investigadores, tecnólogos, persoal técnico e outros perfís especializados en I+D+i. A orde contempla dúas modalidades: unha para pequenas e medianas empresas e outra para centros de investigación. Unha vez pechado o prazo de solicitudes o pasado mes de marzo e atendidas as dos centros de I+D+i, a Xunta acordou hoxe redistribuír o crédito sobrante de 737.946,96 euros ás pemes, o que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

permitirá abrir un novo prazo de presentación de solicitudes, que será dun mes a partir da súa publicación mañá 8 de xullo no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Isto permitirá a contratación de 33 novas persoas mozas por parte de empresas que estean a desenvolver iniciativas de investigación e innovación e que se sumarán ás preto de 130 contratadas xa este ano ao abeiro da convocatoria.

As persoas beneficiarias —de entre 16 e 30 anos— deben estar en situación de desemprego. As axudas oscilan entre os 22.405,92 e os 33.108,84 euros por persoa, en función do módulo aplicado, cubrindo os custos laborais e salariais. Os contratos son indefinidos e a tempo completo, cun período máximo subvencionado de 12 meses.

Primeira Experiencia Profesional

Pola súa parte, o elevado número de solicitudes que rexistra o programa Primeira Experiencia Profesional —aberto o pasado mes de maio e con máis de 400 contratos xa concedidos— leva á Xunta a incrementar o seu orzamento en 468.881,74 euros, acadando así un total de 6,7 M€ nesta convocatoria. Este reforzo permitirá apoiar a incorporación de 35 mozos e mozas máis, que se suman ás 650 previstas inicialmente, beneficiando así a un total estimado de 685 persoas, fronte ás máis de 460 da edición de 2024.

Esta iniciativa —que permanecerá aberta ata o 30 de setembro— ten como obxectivo facilitar o acceso á primeira experiencia profesional a persoas menores de 30 anos, mediante contratos formativos que poden ser formalizados por empresas, persoas traballadoras autónomas, sociedades civís ou comunidades de bens, entre outros axentes. Estes contratos combínanse cun itinerario de formación, co fin de mellorar a empregabilidade da mocidade e favorecer a súa inserción estable no mercado laboral. As axudas concedidas cobren os custos salariais dos postos e oscilan entre 9.975 e 16.625 euros por contrato, en función do módulo aplicado.

Futura Estratexia Mocidade Activa

Ambos programas forman parte da batería integral de accións autonómicas para fomentar o emprego xuvenil. A futura Estratexia mocidade activa na que traballa a Xunta abarca este tipo de medidas e está dotada con 20 M€, soamente por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Dentro dela tamén se enmarcan outras iniciativas como o Galicia Emprega Mozos, cun orzamento en 2025 de arredor de 3,5 M€ —iniciativa englobada na convocatoria de Galicia Emprega dotada con preto de 20 M€ e aberta ata o 30 de setembro—.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODIFICA A DATA DE EXAME PARA ACCEDER AO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS PARA FAVORECER A CONCILIACIÓN DOS ASPIRANTES

- O exame do primeiro exercicio para as categorías xefe/a de brigada, bombeiro/a forestal e bombeiro/a forestal condutor será o 28 de febreiro de 2026, en vez do 14 de decembro, garantindo así o período mínimo de seis meses dende a convocatoria
- O obxectivo desta modificación é que os aspirantes poidan ter tempo suficiente para preparar a proba, xa que moitas das persoas que se presentarán a este exame están traballando durante o verán no propio servizo
- Cabe sinalar que os postos destes procesos están vinculados á campaña de verán de alto risco de lumes forestais, que abrangue de xullo a setembro, e que son desempeñados por persoal fixo discontinuo, cuxa prestación finaliza este ano o 16 novembro

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á modificación das datas previstas para os procesos selectivos derivados da oferta pública de emprego correspondentes ás categorías xefe/a de brigada, bombeiro/a forestal e bombeiro/a forestal condutor. Así, o exame do primeiro exercicio será o 28 de febreiro de 2026, en vez do 14 de decembro, garantindo así o período mínimo de seis meses desde a convocatoria.

O obxectivo desta modificación é que os aspirantes poidan ter tempo suficiente para preparar a proba, xa que moitas das persoas que se presentarán a este exame están traballando durante o verán no Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF). Cabe sinalar que os postos destes procesos están vinculados á campaña de verán de alto risco de lumes forestais, que abrangue de xullo a setembro, e que son desempeñados por persoal fixo discontinuo, cuxa prestación finaliza este ano o 16 novembro.

Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais

O SPIF está conformado por máis de 3.000 persoas, das cales actualmente xa dous terzos traballan todo o ano. O outro terzo, correspóndese ao persoal laboral fixo discontinuo, veu aumentado o seu tempo de traballo, de xeito que mentres en 2023 traballaban ao longo de seis meses, en 2024 xa o fixeron sete. Neste 2025 os seus contratos chegan a oito e en 2026 e sucesivos serán nove meses.

Isto reforza a aposta do Goberno autonómico por un servizo contra incendios profesional público e versátil, cunha medida que ten unha repercusión moi positiva na estabilización destes postos de traballo e na protección do medio rural, seguindo a liña da Xunta de Galicia para mellorar as súas condicións de traballo e o servizo que prestan.